

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 17.

SESION ORDINARIA DO 25 DE SETEMBRO DE 2019

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

Caballero Álvarez Abel
Abelairas Rodríguez Isaura
Aguiar Castro Yolanda
Aneiros Pereira Jaime
Blanco Iglesias Eugenia Dolores
Caride Estévez María José
Espinosa Mangana Elena
Fernández Pérez José Manuel
Gomez Días Gorka
Iglesias González Ana Laura
Lago Barreiro M.^a del Carmen
López Font Carlos
Losada Alvarez Abel Fermín
Mejías Sacaluga Ana Maria
Pardo Espiñeira Francisco Javier
Rivas González Ángel
Rodríguez Calviño Patricia
Rodríguez Díaz Santos Héctor
Rodríguez Rodríguez Nuria
Silva Rego M.^a Carmen

POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR

Gonzalez Castillo, Jesus Marco
Lopez Roman, Patricia
Marnotes González, Jose Alfonso

POLO GRUPO MUNICIPAL MIXTO

Mendez Fuentes Oriana
Pérez Correa Ruben

MEMBRO NON ADSCRITO

Pérez Igrexas Xabier

NON ASISTEN:

Egerique Mosquera, Teresa, concelleira do grupo municipal do Partido Popular.

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día vinte e cinco de setembro do ano dous mil dezanove, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros

Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gomez Días Gorka, Gonzalez Castillo, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, López Roman, Losada Alvarez, Marnotes González, Mejías Sacaluga, Mendez Fuentes, Pardo Espiñeira, Pérez Correa, Pérez Igrexas, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e Silva Rego, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Alberto Escariz Couso.

PRESIDENCIA: Iniciamos Pleno do Concello, convocatoria en poder das señoras/es concelleiros, constátase quórum, ábrese sesión pública e iniciamos o Pleno.

PARTE RESOLUTIVA

1(164).- ACTAS ANTERIORES: (EXTRAORDINARIA E URXENTE DO 1.07.19 E EXTRAORDINARIA DO 24 DE XULLO DE 2019).

Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, apróbanse as actas extraordinaria e urxente do 1.07.19 e a extraordinaria do 24.07.2019.

Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.

MOCIÓNS:

2(165).- MOCIÓN DO CONCELLEIRO NON ADSCRITO, INSTANDO AO GOBERNO CENTRAL E A XUNTA DE GALICIA A APROBACIÓN DE VARIOS ACORDOS EN APOIO ÁS PROPOSTAS DA CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA (CIG) PARA O SECTOR DA AUTOMOCIÓN. REXISTRO PLENO 2174/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 19 de setembro de 2019, número 2174/1101, o concelleiro membro non adscrito, Sr. Pérez Iglesias, formula a seguinte,

MOCIÓN

*“EN APOIO ÁS PROPOSTAS DA CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA (CIG)
PARA O SECTOR DA AUTOMOCIÓN*

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Durante o pasado ano 2018, pero se cabe máis no cuarto trimestre, produciuse un descenso da actividade no sector da automoción en Galiza debido a diferentes factores que afectan aos cadros de persoal tanto de PSA Peugeot Citroen como das empresas de compoñentes.

Este descenso da produción está provocando reducións dos cadros de persoal nas empresas principais, non renovando contratos aos traballadores e traballadoras temporais, cunha afectación directa sobre o emprego e a actividade nas empresas subcontratadas e tamén se levan a cabo o inicio de Expedientes de Regulación Temporais de Emprego.

Á Federación de Industria da Confederación Intersindical Galega (CIG-INDUSTRIA) preocúpanos esta grave situación e facemos as nosas propostas para poder afrontar o futuro no sector do automóbil sen que sexan sempre os cadros de persoal das empresas os que paguen a crise.

É necesario subliñar que esta crise non ten nada que ver coa crise económica do ano 2008, que foi una crise do sistema capitalista.

Esta é una crise técnica que ten que ver coa chegada das novas tecnoloxías e do cambio do papel do automóbil dentro das cidades e a súa incidencia no medio ambiente.

ESTRATEGIA GALEGA DE SECTOR POLA APROBACIÓN DA LEI DE CAMBIO CLIMÁTICO E TRANSICIÓN ENERXÉTICA

Varios son os factores que afectan e van ter incidencia poñendo en perigo o futuro do automóbil galego en canto máis se atrase a adecuación a esta nova realidade:

O futuro do motor diésel está en cuestión.

A inevitábel redución de emisións de óxidos nitrosos (NOx) fará que na vindeira década cada vez sexa máis difícil homologar un coche diésel. A isto hai que engadir a lista de cidades que van prohibir a circulación dos vehículos contaminantes, o pago de mais impostos ou peaxes de estradas mais caros, que irremediabelmente irán aumentando. Calquera cambio no mercado que pase por prescindir do diésel e apostar por tecnoloxías menos contaminantes que comezan a ser prioritarias noutros países do contorno europeo, poría en serios problemas este sector no noso país. Cómpre lembrar que preto do 80% da produción galega e do Estado español se exporta a outros países.

A necesidade de apostar polo coches híbridos e eléctricos.

Existe unha aposta global polos automóbiles menos contaminantes e máis respectuosos co medio ambiente, coa adopción de medidas para alcanzar un parque de turismos e vehículos comerciais lixeiros sen emisións directas de CO₂.

A aposta polos coche de baixo custo e motor diésel e gasolina pon a Galiza nunha situación moi débil e irrelevante, poñendo en perigo a subsistencia das empresas e dos nosos postos de traballo.

O coche autónomo.

Precisamos o investimento da Administración autonómica e estatal nesta tecnoloxía, ademais da eléctrica e híbrida. Estamos quedando nunha posición moi feble ante este novo camiño.

A outra realidade, o coche híbrido a gas.

Os vehículos a gas forman parte da nova realidade que en moitos países do noso contorno como medidas para afrontar as altas taxas de contaminación provocadas polos vehículos a combustión. Os vehículos con motor híbrido a gas, en concreto a gas natural, como a verdadeira saída a esta crise do motor diésel, e a aposta polos coches menos contaminantes.

Outra vez Galiza está na cola tanto en Europa como no Estado español. O sector da automoción galega está totalmente afastado desta realidade, e a Xunta de Galiza non aposta por ter unha rede de gasoleiras polo territorio para poder acceder a estes vehículos.

POLÍTICA ENERXÉTICA DE PAÍS PARA O SECTOR DA AUTOMOCIÓN

Fronte a este sistema perverso que entende a enerxía como un ben máis de consumo e non como un ben básico, desde a CIG-INDUSTRIA demandamos unha tarifa industrial para a automoción á que se poidan acoller as empresas.

Galiza é unha das maiores produtoras de enerxía do Estado. Mais do 30% da electricidade que se produce no país expórtase cara ao resto do Estado. Mentres tanto, atopámonos nun sistema tarifario hipersolidario, no que Galiza non ten

ningún beneficio malia os custos sociais, económicos e ambientais que a produción eléctrica comporta á nosa nación. Polo tanto, pedimos unha bonificación para quen produce e exporta.

Mais pola contra, coa realidade enerxética deseñada polo anterior goberno do PP, penalízase as zonas produtoras de electricidade, penalización que se cuantifica nun aumento medio superior ao 2% da tarifa para este ano (aplicación dos Suplementos

Territoriais) e que no ano 2019 vai provocar que Galiza teña a tarifa eléctrica máis cara de todo o Estado, e non temos ningunha dúbida de que a patronal vai intentar pasar o custo ás nosas nóminas.

O carácter colonial do Goberno galego fai que se permitan estes espolios sen ningún tipo de contestación e compensación, poñendo unha vez máis os postos e condicións de traballo en perigo.

Necesitamos pois que a nosa situación de país produtor nos reporte unha mellor posición para sermos máis competitivos e polo tanto propicie a instalación de novas empresas no país.

PLAN DE REXUVENECIMIENTO DOS CADROS DE PERSOAL

A reforma do sistema público de pensións do 2011 e 2013 eliminou o dereito á xubilación parcial aos 61 anos, fixando un período transitorio que rematou o 31 de decembro de 2018. Creando a partir deste ano 2019, e tamén por un período temporal (2019-2022), limitando o novo sistema só para a industria manufactureira e dentro desta só ás actividades que comportan relevante esforzo físico, deixando fóra os traballadores e traballadoras con profesións técnicas e labores administrativos das empresas principais. E que tamén deixa fóra a todas e todos os traballadores e traballadoras das empresas de loxística, carretilleiros/as, almacéns, limpeza, seguridade, multiservizos, ETTs, centros especiais de emprego, falsos autónomos, etc., que prestan servizos para as principais. Empresas principais que, coa escusa da crise, puxeron en marcha procesos de externalización das súas actividades. Unhas medidas que hai que combater.

Solicitamos ao goberno do Estado que faga as modificacións oportunas e restableza o dereito á xubilación parcial aos 60 anos ou aos 61 anos, como existía antes da reforma laboral, así como a aplicación de coeficientes redutores para o sector; como medidas de rexuvenecemento nas factorías e de xustiza social cun colectivo de traballadores e traballadoras que teñen vidas laborais longas, e para dar entrada aos traballadores e traballadoras máis novas, a xeración máis preparada do país, os mozos e mozas que sofren máis dun 50% de paro e teñen a emigración como única saída laboral digna neste país.

FORMACIÓN CARA AO NOVO SISTEMA DE FABRICACIÓN.

A nova realidade tecnolóxica está afectando laboralmente a todos os sectores, e a automoción non é diferente nesta nova afección. A chamada Industria 4.0 ou

cuarta revolución industrial trae consigo a desaparición de actividades no sector que até o de agora eran imprescindíbeis e necesarias.

Son moitos os postos de traballo en verdadeiro perigo, sobre todo no que ten que ver coa actividade máis física nas liñas de montaxe, algo que vai engadido ao aumento da externalización de todo tipo de servizos e que vai levar irremediabilmente á perda de postos de traballo no número de traballadores e traballadoras dos cadros de persoal das empresas principais.

Nesta nova realidade son as empresas foráneas as que se especializan na aplicación da industria 4.0 exportándoa cara ao noso país. E pola contra son as nosas factorías as que aplican estas melloras tecnolóxicas afondando na perda de postos de traballo directos.

Precisamos que a formación profesional pública comece a formar en cuestións que abandearan esta nova revolución industrial, para dar unha saída profesional ás novas actividades e expectativas laborais que se van xerar nas empresas. E isto ten que ser de forma inmediata para que as empresas principais non se desprendan dos seus cadros de persoal alegando a obsolescencia do traballo que se realiza e os enchan de novas formas de explotación como falsos autónomos, multiservizos ou ETTs, ou traballadores e traballadoras con moitos menos dereitos laborais, pero que estarán mellor formadas para as novas necesidades produtivas, pero sufrindo a explotación laboral e quedando a ganancia deste inmenso aumento da produtividade unha vez máis nas mans do capital.

De acordo ao exposto, propónse ao Pleno a aprobación dos seguintes

ACORDOS

- 1.** Instar ao Goberno español e á Xunta de Galiza para a creación dunha tarifa eléctrica industrial á que se poidan acoller as empresas.
- 2.** Solicitar ao Goberno do Estado que faga as modificacións oportunas e restableza o dereito á xubilación parcial aos 60 anos ou aos 61 anos para todos/as os/as traballadores/as, ben sexan das empresas principais ou auxiliares, manufactureiras ou non, así como a aplicación de coeficientes redutores para o sector; como medidas de rexuvenecemento nas factorías
- 3.** Demandar da Administración autonómica e estatal unha formación profesional pública que comece a formar en esta nova revolución industrial, a denominada Industria 4.0, para dar unha saída profesional ás novas actividades e expectativas laborais que se van xerar nas empresas
- 4.** Instar á Xunta de Galiza a promover a creación dunha mesa galega da automoción (MGA) integrada polas tres universidades galegas, o actual clúster empresarial (CEAGA) e as centrais sindicais.
- 5.** Demandar un compromiso de todo o sector da automoción de non afondar na precariedade laboral, non abusando coa contratación de empresas de "baixo custo", empresas multiservizos, ETTs, centros especiais de emprego,

etc.

6. Defender a aplicación do convenio sectorial ou da empresa principal a todos os traballadores e traballadoras do sector da automoción.
7. Demandar da Xunta de Galiza que impulse un plan galego para a industria da automoción, no que se recollan medidas de apoio ao I+D+I no sector, a especialización cara á produción de vehículos cun maior valor engadido, a optimización dos procesos produtivos, pulando polo aproveitamento das sinerxías entre as factorías principais e a súa industria secundaria.”

DEBATE:

SR. PÉREZ IGLESIAS: Teño que principiar por lamentar que a primeira intervención que se produce neste Pleno non sexa ao do colectivo de Bombeiros que levan máis dun mes en folga aínda que así o solicitaron en tempo e en forma.

A moción que presenta o Bloque Nacionalista Galego recolle unha proposta da Federación de Industria da CIG para abordarmos fundamentalmente os retos de futuro que ten unha industria estratéxica, unha actividade económica fundamental para Vigo, para a súa comarca mais tamén para o conxunto da nosa nación como é o sector da automoción. A emenda á moción que se presenta recolle, debulla, os principais reto de futuro que pasan por cuestións como a crise do diésel, a necesidade de abordar novas modalidades de vehículo como son os híbridos eléctricos, o coche autónomo ou mesmos os híbridos a gas que xa se están a producir noutras partes do noso planeta, máis sobre todo está concentrada en atender con propostas concretas cuestións que só requiren de vontade política fundamentalmente da Xunta de Galicia máis tamén do goberno do Estado, a principiar, apostarmos porque a competitividade do sector da automoción, da fabricación de automóviles na nosa cidade e polo tanto en Galicia non pivote en peores salarios e máis precariedade nin dende logo no empobrecemento das condicións laborais, líamos estes días con moita preocupación unhas declaracións do director da factoría PSA que fiaba o futuro desa factoría a menos salario e dende logo ao que eles chaman flexibilidade que non é outra cousa que precariedade. Nós dicimos a través desta moción que compitamos facéndonos valer dunha avantaxe competitiva como é o feito de sermos produtores de enerxía,

cunha tarefa eléctrica industrial, dicimos que é importante apostar no rexuvenecemento do cadro de persoal recuperando dereitos, a xubilación parcial ou que dende logo se aborden os retos que hai no ámbito tamén da Formación Profesional e tamén na necesaria mellora das condicións laborais que se teñen precarizado moito nos últimos anos.

SRA. MÉNDEZ FUENTES: Nós concordamos co sentido desta moción e conta co noso apoio ao mesmo tempo sumámonos á referencia que fixo o concelleiro do Bloque Nacionalista Galego acerca do dereito que teñen os concellos a intervir no Pleno cando o solicitaran efectivamente en tempo e forma.

Vimos observando como a externalización, explotación, precariedade, deslocalización ou despedimentos están cada vez máis presentes no sector da automoción e da industria en xeral sen que as administracións públicas e as patronais de quenda se ruboricen dando por boa a normalización de situacións anómalas que só xeran inestabilidade e perda de dereitos para as traballadoras/s do sector, por iso nos concordamos en que é fundamental un compromiso de tódalas administracións para probar unha lexislación laboral xusta e iso implica a necesaria derogación das súas últimas reformas laborais para favorecer relacións laborais equilibradas, con emprego estable e de calidade con dereitos e salarios ausentes de discriminación, é imprescindible unha acción efectiva por parte da inspección laboral na automoción que verifique a observancia dos acordos e dos convenios de obrigado cumprimento que exerza un control exhaustivo nas xornadas de traballo das súas prolongacións excesivas, das xornadas irregulares, das xornadas extras, dos tempos parciais con horas complementarias onde se agochan tempos completos en moitos casos, con tódalas consecuencias sobre a saúde que iso implica e tamén é necesario revisar o modelo de centros especiais de emprego porque se ben existen empresas constituídas como centros especiais de emprego que levan a cabo unha labor necesaria de integración no mercado laboral ordinario de persoas con diferentes graos e tipoloxías de discapacidade, non son tampouco poucas aquelas entidades que están a poñer en practica iniciativas empresariais inspiradas nun modelo de ánimo de lucro xerando unha precariedade alarmante nos empregados/as que traballan nelas e ensombrecendo ao mesmo tempo o obxectivo de integración que deben perseguir, precisamos

dunha lexislación laboral que potencie a figura das delegadas de prevención cun control sobre a actuación das mutuas de traballo que evite unha desgraciadamente habitual ocultación das enfermidades profesionais e de accidentes laborais como patoloxías comúns, en definitiva, unhas administracións que atendan ao coidado da cidadanía deben apostar pola redución dos ritmos de traballo e por levar adiante políticas preventivas e investimentos encamiñados a salvagardar por enriba de todo a saúde das traballadoras/es. Por outra banda, nun momento histórico de conciencia medio ambiental compre favorecer a transición enerxética e nese senso o centro tecnolóxico de automoción ten un papel clave no desenvolvemento de novas tecnoloxías máis sostibles que en colaboración coa institucións públicas e educativas deben investir en investigación, por último no que se refire á fiscalidade, os plans industriais así como as subvencións deben de estar vinculadas ao mantemento do emprego con respecto ás axudas á formación deben estar suxeitas a un control garantindo a formación como un piar de progreso para o futuro das persoas traballadoras, lonxe dun simple instrumento de recepción de axudas públicas e de camuflarse dunha responsabilidade social inexistente por parte dalgunhas empresas, así mesmo co auxe da industria 4.0 e a elevada automatización do sector fanse necesarias políticas impositivas que graven esa mecanización do proceso produtivo para o mantemento ao mesmo tempo das políticas sociais, e todo isto ten unha tradución concreta en Vigo con respecto a PSA, o Concello debe deixar de condonarlle o pago do IBI e ao mesmo tempo as axudas para subvencionar novas contratacións non se deben entregar mentres a compañía mantén aberto un expediente de regulación suspensivo e extintivo como aconteceu en 2016.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: Constatamos co inicio deste Pleno ordinario do mes de setembro, constatamos dúas cousas, a primeira é que non ven ningún asunto de tramitación ao Pleno, só veñen mocións, non hai ningún asunto que o goberno teña para que o Pleno que é o competente nos asuntos máis importantes no mes de setembro, no inicio do curso político traía aquí ningún asunto de competencia ao Pleno. É unha constatación e un feito, e o segundo feito que constatamos tamén pois ademais da ausencia dos asuntos de tramitación ordinaria competencia do Pleno e si das mocións é a ausencia do Alcalde tamén, que nos

acompañou brevemente para constituír o Pleno, aprobar as actas e logo abandonar a sesión.

E comezamos xa agora cunha moción do Bloque Nacionalista Galego, efectivamente o sector da automoción emprega a 23.000 persoas, familias de Galicia dependen do sector da automoción, a maior parte delas se concentran aquí en Vigo e na súa área, e a moción do Bloque Nacionalista Galego pon enriba da mesa algunhas cuestións importantes pero elude tamén algunha outra, España é un produtor mundial de automóbiles, está entre os 10 primeiros produtores de automóbiles do mundo e tamén España é un dos grandes produtores de automóbiles de Europa e o goberno central pois cunha política irresponsable puxo en cuestión a viabilidade da industria de produción de vehículos automóbiles con iniciativas como o imposto ao diésel, unha iniciativa absurda, que se sumou a outra igualmente absurda anunciar que no ano 2030 en España se deixarían de fabricar vehículos diésel, unha iniciativa contraproducente para un país que como dicimos é un dos grandes produtores de vehículos de Europa.

Consecuencias, confusión dos consumidores que efectivamente non saben que tipo de vehículo van a comprar e caída das vendas de automóbiles e resulta que Galicia e Vigo nomeadamente é unha das grandes comunidades que máis vehículos produce de toda España, co cal se produciu o efecto contrario pretendido, os novos vehículos que se fabrican na Planta de PSA contaminan 9 veces menos co que contaminaban os vehículos que se facían hai dez anos pero non podemos renovar o parque móbil porque a xente está confusa polas medidas de goberno. A industria automobilística viguesa o que necesita é estabilidade, é certezas e tamén non cremos que necesite unha tarefa enerxética, o que necesita é o acceso a liña de moi alta tensión que ven de O Porriño e que nós aquí propuxemos e que o Pleno ven de aprobar pero que quedou sen autorizar. Se o do goberno coa tarefa do diésel foi un tiro no pe, o denegar ou non apoiar o acceso a moi alta tensión da área de Vigo iso si que foi afogarnos, aí si que temos que dicir que estes 15 meses se perderon para a automoción viguesa, estes 15 meses foron tirados ao lixo e que fai o goberno local en favor da industria da automoción? Subirlle os impostos, queren subir ata o imposto de circulación, que lle preocupa ao goberno local? Desenvolver solo industrial, traer industrias ou traer marcas comerciais, que lle preocupa ao goberno local das empresas de automoción?

Sóbenlle o IAE, o IBI, o lixo, soben ata o imposto de circulación como digo, mire, Sr. Pérez Iglesias, nós respectamos o criterio da CIG e tamén respectamos o criterio do Bloque Nacionalista Galego pero parécenos que para que este Pleno se pronuncie sobre algo tan importante como o que vostede pide aquí, sería preciso tamén oír aos demais interlocutores e axentes sociais, e verdade que o Consello Social desta cidade está morto, a culpa non é súa, tampouco é nosa, claro que é vosa, o goberno non ten ningún espazo de diálogo non o ten nin consego mesmo porque aquí faise o que di o Alcalde, o que lle peta, o Alcalde fai o que lle peta pero o certo é que nesta moción se pide defender o convenio sectorial da empresa principal para todo o sector, a creación dunha mesa de automoción, restablecer o dereito de sublimación parcial que son aspectos que nós cremos que pertencen á negociación colectiva ou a diálogos social entres sindicatos, empresarios e administracións e cremos que non debemos interferir e polo tanto non apoiaremos esta moción e votaremos en contra.

SR. LOSADA ÁLVAREZ: A vantaxe de intervir no último lugar é que sempre tes materia prima de análise.

Vou comezar polo grupo de Marea de Vigo Son en Común, a mellor maneira de conseguir melloras na lexislación laboral en España é apoiar un goberno en España, esa é a mellor maneira de conseguilas, por certo, convén estar informados non se condona o IBI á industria da automoción, non sei se hai unha realidade paralela neste espazo político alternativo pero no mundo real da produción de automóviles en Vigo non se condona o IBI.

Sr. Marnotes, o Alcalde como moito fai exactamente o que fai o Sr. Feijóo no Parlamento galego que sabe o que é, ir exclusivamente a votar cando vai, polo tanto, eu creo que lles convén estar calados nese tema pero alá vostedes.

Mire, sabe cal foi o efecto da reforma da enerxía eléctrica do goberno de España? Que o prezo no último ano baixou un 10%, sabe canto subiu mentres gobernou o Sr. Rajoy? Un 35%, case nada.

Logo din vostedes que a automoción perderon, oia non deberon de perder moito porque hai pouco vimos un foto do director da fábrica de Citroën e o Sr. Feijóo presentando un novo modelo nunha laraca publicitaria sen precedentes, non parece que a situación sexa crítica e dende logo o que si parece é que no Estatuto

de Autonomía de Galicia se di que as competencias en políticas industrial en Galicia son do goberno galego, non son nin do Concello nin do goberno de España nin da Organización de Nacións Unidas, son do goberno galego, polo tanto, estaría moi ben que falaran do goberno galego un pouco, tampouco lle pido moita exuberancia pero un pouco.

Volvo repetir que vexo que hai un nivel de emotividade entreñable, eu si lle vou falar algo do goberno galego, nós non imos aceptar esta iniciativa por varias razóns, unha conceptual que é que sempre defendemos a unidade de acción sindical, polo tanto, non compartimos que se traia a este Pleno digamos que unha iniciativa de parte, hai basicamente tres sindicatos máis relevantes, hai outros pero eu creo que sería moi bo para todos que houbera unha unidade sindical neste país, eu dende logo a defendín sempre, milito nun sindicato de clase e a defendín sempre e creo que sería moi bo para todos, teño a sensación de que a CIG e o Bloque Nacionalista Galego non o entenden así pero en todo caso cada un defende as súas posicións lexítimas.

Sr. Pérez Iglesias, unha tarefa eléctrica industrial, claro é que chegamos xa a gráficos de dobre entrada, vostedes aquí piden unha tarefa eléctrica industrial e piden tamén e o debatín durante anos no Parlamento galego, unha tarifa eléctrica galega, supoño que se refire a unha tarifa industrial galega e polo tanto, logo habería unha tarefa doméstica galega e unha tarifa agrogandeira galega, seguro, iso é un auténtico sen sentido en termos económicos, primeiro porque rompe o mercado, segundo porque a regulación europea non o permite en fin, uns pequenos detalles sen importancia que supoño que a CIG explica dalgunha maneira, vostede aquí non o explicou, eu só lle digo que tecnicamente coa lexislación actual a nivel europeo non é posible pero vostedes poden continuar aí. Logo fala dunha mesa galega de automoción, eu que quere que lle diga, prefiro unha mesa de automoción a nivel estatal porque entre outras cousas unha boa parte da lexislación é estatal e dende logo a transposición das leis e das normas europeas tamén son de ámbito estatal pero tamén entendo que dende unha perspectiva nacionalista se faga ou se propoña doutra maneira. Volvo repetir os temas laborais coincido con vostede en que hai unha tendencia e houbo unha tendencia das reformas laborais a fragmentar e dificultar a estabilidade e a calidade do emprego pero creo de verdade que o mellor que se pode facer, lamento que o Bloque

Nacionalista Galego non teña deputados no Congreso e polo tanto pois isto digamos que é un brindis ao sol pero sería ter goberno estable en España, iso é o que permitiría unha reforma laboral que corruxira boa parte das auténticas aberracións laborais que fixo a dereita neste país.

Sr. Marnotes, a política industrial é capital físico, humano e financeiro, temos o caso da PLISAN que estivo morta durante 9 anos, afortunadamente agora parece que coa entrada do novo goberno de España e a Zona Franca parece que resucita, pero insisto 9 anos morta e senón vaia por alí e o verá. Capital humano temos o nivel de I+D+I en Galicia como Eslovaquia ou Turquía, vostedes poden seguir falando doutras cousas pero os datos están aí, e capital financeiro todos sabemos o nivel de execución do IGAPE, mire, as leccións de política industrial ao goberno do Sr. Feijóo durante 10 anos ningunha en ningún sitio.

SR. PÉREZ IGLESIAS: É evidente que o Partido Popular non pode apoiar esta moción porque sería tanto como emendar a política de desertización produtiva que é o único que practica a Xunta de Galicia, non van concordar nin co que haxa unha mesa de galega de automoción nin cun Plan Galego para esta industria porque obviamente sería emendar a absoluta carencia de política industrial. Sorprendido do voceiro municipal do Partido Popular que puxera en cuestión a cuestión eléctrica, tendo en conta que os custos enerxéticos son o primeiro custo non salarial que se repercute nesta industria e dende é un elemento que nos permitiría competir, na moción nin na miña argumentación fixen alusión as reformas laborais compartindo argumentación que se deu por parte da Marea porque dende logo estou certo que esta nova compañía electoral o Partido Socialista do centrista Sánchez nos volverá prometer máis unha vez a derogación das non derogadas, eu creo que o que si é moi preocupante é que se poña en cuestión a tarifa eléctrica galega que por exemplo si existe en Euskadi, en todo caso o que si que lle diría ao Sr. Losada é que creo que non é unha boa cousa equiparar o absentismo do Sr. Feijóo.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira, por ausencia do Presidente)

VOTACIÓN: Con tres votos a favor do membro non adscrito, Sr. Pérez Iglesias e mais dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e vinte e un votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gomez Días, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, e mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señores e señoras Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 19.09.2019 (Rex. Nº 2174/1101), polo concelleiro membro non adscrito, Sr. Pérez Iglesias, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

3(166).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA CREAR UN LIÑA ESPECÍFICA DE AXUDAS ECONÓMICAS PARA AS EMPRESAS INDUSTRIAIS (NAVAL, AUTOMOCIÓN, PESCA, TELECOMUNICACIÓNS, ETC. QUE REALIZAN PROXECTOS DE INNOVACIÓN. REXISTRO PLENO 2177/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 19 de setembro de 2019, número 2177/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Aneiros Pereira, formula a seguinte,

MOCIÓN

“Nos últimos días celebrouse en Vigo a I Feira do Sector Industrial de Galicia que puxo de manifesto as altas capacidades industriais, tecnolóxicas, de investigación e de liderado de proxectos que presentan as empresas galegas e, principalmente, as establecidas en Vigo e na súa Área.

O Conselleiro de Industria manifestou o compromiso do Goberno Galego de apoiar ao sector con liñas de axuda que favorezan o desenvolvemento de proxectos innovadores. Este ofrecemento choca coa realidade das empresas do sector que solicitando axudas para adaptar ás súas cadeas de produción aos novos retos da produción, da sustentabilidade e da innovación, ven como non son recibidas ou non se teñen en conta as súas propostas para facer de Vigo e de Galicia o referente industrial en innovación e en adaptación ás necesidades da evolución tecnolóxica.

E por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte:

ACORDO

Instar á Xunta de Galicia para que cree unha liña específica de axudas económicas (subvencións e préstamos a interese cero), que se concedan de xeito efectivo polo IGAPE e a Axencia Galega de Innovación, para as empresas dos sectores industriais (naval, automoción, pesca, telecomunicacións, ...) que realizan proxectos de innovación caracterizados polo seu alto valor engadido, ausencia de contaminación e internacionalización que permitan consolidar a Vigo e á súa Área como polo industrial de referencia da Península Ibérica.”

DEBATE:

SR. ANEIROS PEREIRA: Decía hai un intre o representante do Partido Popular que non se trae ningún asunto de interese a este Pleno, pois a min permítame que discrepe totalmente desa afirmación porque se algo hai importante para esta cidade é consolidar a súa posición industrial, loxística e competitiva respecto doutras cidades, non só da península ibérica senón do contexto internacional no que nos movemos. Polo tanto, si que hai unha cuestión importante, si que hai unha moción centrada nunha das cuestións máis importantes que afectan a esta cidade e ao tecido socio-económico desta cidade que é potenciar as nosas capacidades na industrial naval, na industria da automoción, na industria da tecnoloxía porque hai que lembrar que somos líderes na industria de construción naval, somos líderes tamén na construción de vehículos, co vehículo autónomo sinaladamente e somos quen tamén de poñer en orbita satélites fabricados e deseñados dende esta cidade. Polo tanto somos líderes neste sector da innovación, así o amosa tamén o feito de que o goberno de España, o goberno do Sr. Sánchez designase a Vigo como a cidade da ciencia e da innovación polas súas capacidades e condicións de

sectores investigadores e innovadores tanto no ámbito público como no ámbito privado. Pero mire é unha cuestión tamén de importante transcendencia porque nunha época na que se anuncia un estancamento da economía, na que as incertidumes do Brexit xeran tamén medos pero tamén oportunidades para a industria e particularmente para a industria galega é relevante que os poderes públicos, neste caso a Xunta de Galicia que é quen ten a competencia de acordo co Estatuto de Autonomía, modifiquen a súa política industrial, a súa política de axudas á innovación para atender aos novos retos, porque miren, a industria 4.0 xa está aquí, o uso de tecnoloxías facilitadoras, os exoesqueletos, a mellora nos procesos de produción derivadas da interconexión, da interconectividade do uso de Internet, das fábricas flexibles e intelixentes, dos cambios nos procesos de produción para ter en conta procesos dixitalizados xa están aquí, e xa están aquí dende hai tempo, a industria de Vigo, a industria da área metropolitana de Vigo, a industria deste polo ibérico que capitaliza como capital da industria a Vigo xa se está adaptando a estes cambios dende hai tempo. E polo tanto, é necesario que os poderes públicos neste caso a Xunta de Galicia atenda un sector que supón como mínimo un terzo do produto interior bruto de Galicia, polo tanto, un sector relevante, non tanto na comunidade autónoma como en toda a península ibérica, polo tanto, o sector de extraordinaria importancia é que está extraordinariamente internacionalizado e extraordinariamente preocupado pola innovación. Polo tanto, é preciso que as axudas da Xunta de Galicia se materialicen. Miren, pódeme dicir que hai axudas previstas pero se vostedes limitan Xunta de Galicia ao ámbito das persoas ou das empresas que poden solicitar as axudas, esas axudas non chegan, senón hai concorrencia competitiva nalgunhas axudas, esas axudas non chegan. Segundo problema, se limita o obxecto subvencionable, se hai que ter un investimento subvencionable que supere unha cantidade nada desprezable de 2 millóns de euros, moitas pequenas e medianas empresas que fan innovación, desenvolvemento, melloras nos seus procesos produtivos, que innovan, que crean novos modelos que permiten unha mellor internacionalización e un aforro no custe dos proceso produtivos, esas axudas non chegan ao tecido produtivo real da comunidade autónoma de Galicia e non chegan ao tecido produtivo real desta cidade e da súa área de influencia e polo tanto é necesario que esas axudas cheguen a tódalas aquelas empresas, a todos aqueles axentes económicos que

investigan, que innovan, que melloran os seus procesos de produción para mellorar o contexto global e a economía de Galicia.

Miren, se imos aos datos da execución das partidas orzamentarias do IGAPE e da Xunta de Galicia e da Axencia Galega de Innovación, vemos que non mellor dos caso chegan ao 60%, no mellor dos casos chegan ao 60%, polo tanto é insuficiente que se prevexan axudas para a industria 4.0, por exemplo na Axencia Galega de Innovación cando solo se dan 9 axudas coas partidas da Axencia Galega de Innovación, polo tanto, é preciso que o goberno galego, a consellería de industria e polo tanto que o Sr. Feijóo cambie a súa política para vender as necesidades reais das empresas que queren mellorar os seus procesos produtivas, que queren innovar, que queren ser líderes, continuar sendo líderes nos seus procesos produtivos e que exercen as súas actividades económicas en Vigo ou na súa contorna económico. Polo tanto, o que solicitamos é que a Xunta de Galicia conceda axudas reais e modifique as liñas de axuda ás empresas deste sector de innovación.

SR. PÉREZ IGLESIAS: Podendo compartir o fondo da moción, o certo é que esta moción probablemente por cando se presenta raia nun cinismo de talla olímpica e o digo porque nesta moción se pide máis axuda pública para actividades como o sector naval despois de que o grupo Socialista e o grupo do Partido Popular vetasen unha proposta de declaración institucional que formulou o Bloque Nacionalista Galego en apoio aos traballadores de Vulcano demandando a continuidade da actividade dese estaleiro centenario, dende logo a continuidade do emprego que representa 70 postos de traballo directos e máis de 1.000 indirectos, unha declaración institucional que o quería era urxir a que as administracións competentes e singularmente a Xunta de Galicia cumpra cos compromisos que tiña adquirido con Vulcano, dende logo nós non nos resinarmos a aceptar a desaparición dese estaleiro e dende logo cremos que esta Corporación municipal tiña unha oportunidade para enviarnos unha mensaxe de conxunto, unha mensaxe unánime, do Partido Popular xa esperábamos a negativa, o que sorprende é a negativa do Partido Socialista a esa proposta de declaración institucional porque en trocas de apostar por unha oposición de Concello, en trocas de apostardes por unha oposición de cidade, decidiron cambiar unha declaración

institucional por unha foto oportunista e partidista que vai ter lugar a unha da tarde despois de meses negándose o Alcalde a recibir ao Comité de Empresa de Vulcano. Por suposto que nós estamos de acordo en que ten que haber un maior compromiso público coa nosa industria, que hai que facer unha aposta pública para a innovación pero dende logo o que nós podemos é apoiar nin dar soporte a unha moción que dende logo raia no cinismo porque dende logo os seus feitos discrepan das súas palabras.

SR. PÉREZ CORREA: Redondando nesta cuestión e aquí se fala das liñas de axudas que as administracións poden deitar no sector industrial e en sectores industriais que ningún goberno anterior ao actual quere declarar estratéxico porque a declaración de sector estratéxico do sector naval reiteradamente pedida polo grupo no Congreso dos Deputados por en Común Unidas Podemos foi rexeitada polo anterior goberno e polo actual que permitiría ademais unha participación activa do goberno, como por exemplo fai o estado francés nos estaleiros de San Nazarí e os estaleiros máis importantes do país, e que ademais hai moito cinismo nesta moción, está ben, hai instrumentos de financiamento das empresas un é o IGAPE e outro é o ICO que depende do Estado, é español, por certo, o que vostedes, o Partido Popular e o Partido Socialista piden un crédito de 60 millóns para financiar unha campaña electoral que deberían estar pensados precisamente para financiar empresas, non entendemos e así o preguntamos na comisión do Congreso cal é o motivo para que o instituto de crédito oficial que pode ser un instrumento de financiamento dende o punto de vista das competencias do Estado na industria, pois 60 millóns se adiquen a financiar as campañas electorais do Partido Popular e do Partido Socialista, case máis grave que o que vostedes están a poñer aquí nesta moción. E ademais vostede inclúen unha cousa que ademais discutimos permanentemente no Congreso e no Parlamento de Galicia que é as subvencións e os préstamos a intereses cero, a maior parte das axudas europeas, das axudas industriais que tramitan estes órganos veñen de fondos FEDER que non permiten ese tipo de préstamo, a nós nos gustaría que o Partido Socialista se enfrontara aos criterios de estabilidade de Maastricht e a tódalas políticas financeiras que saen da Unión Europea e dixeran que queremos financiar a custe cero as nosas industrias, pero que cando se fixo iso eu non sei se lembran unha

persoa que se chamaba Joaquín Almunia que dixo que non se podía financiar dese xeito nin con Tax Lease nin as subvencións directas sen ningún tipo de retorno a través dos tipos de interese europeos e polo tanto, ese debate no seu día o Partido Socialista non quixo o resolver que son as subvencións directas e iso significa porque se apoia ou se sostén dunha maneira evidente os criterios de converxencia europeos, os criterios emanados das políticas de Maastricht e de Niza, nós seguimos pensando que o Estado, e ademais o Estado dentro das súas funcións debería de poder financiar a custe cero a industria e participar nos seus consellos de administración a cambio desa participación, o Estado francés se reserva un 5 ou 10% da participación no grupo PSA é certo que por cuestións completamente diferentes pero participan en empresas públicas condicionado a esa participación. Polo tanto, a nós nos parece que está moi ben que se pense que os instrumentos de financiamento son autonómicos pero o gran instrumento de financiamento da nosa industria é estatal, e así en tódolos países, entre outras cousas porque no reparto dos recursos económicos o Estado é quen máis recursos ten, e ademais queremos, está moi ben a industria 4.0, estase a incidir moito nas axudas pero levamos deitado nalgunhas empresas, vostede citaba agora os exoesqueletos famosos de Citroën, levamos deitados 210 millóns de euros e recoñecido polo ministerio de industria cero euros condicionados ao mantemento de emprego, cero, é unha resposta do ministerio de Industria naquela altura en mans do Partido Popular, home se estamos deitando recursos para que logo se abaraten custes, para que logo se leva parte da produción fora do noso ámbito eu podo citarlle de aquí da comarca de Vigo empresas que utilizaron recursos do IGAPE para abrir plantas en Portugal, moitas, automoción, algunha relacionada co mundo da telecomunicación, algunhas que se poñen como punteiras no I+D+I, fálase que traballan para Airbus ou que traballan para grandes consorcios europeos que os fondos de I+D+I significaron a apertura ou a consolidación de plantas no norte de Portugal, incluso noutras latitudes, a min cando se fala das axudas e cando se calquera persoa que vaia á web do IGAPE verá que hai axudas para todo, eficiencia enerxética, hai unhas liñas de axudas de todo tipo, a nós nos gusta a fiscalización desas axudas porque hai unha evidencia, pérdese peso da industria, Galicia e Estremadura estamos á cola do Estado español, unha perda anual do 5%, perdemos emprego que é unha evidencia, e o peor de todo que perdemos a

achega da masa salarial da industria ao PIB desta cidade e cada vez os salarios das industrias pesan menos no PIB vigués, e por iso o noso PIB do 33 xa está moi por debaixo e a comarca de A Coruña gaña en PIB con respecto ao conxunto da nosa comarca porque os salarios da industria que antes achegaban unha parte substancial de ese PIB de ámbito local pois os salarios eu algún día discutiremos seriamente as decisións que se tomaron neste Concello para que en Citroën haxa categorías completamente diferentes, para que haxa empresas de inserción laboral como Ilunión que pagan que pagan un 60% menos, para que se despidan das auxiliares e creo que ese é debate é o que hai que abrir.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: So hai que ver os asentos baleiros para saber o que importan as empresas ao goberno, a innovación, nós constatamos que efectivamente isto é unha moción, isto non é unha bonificación que se queira aprobar aquí ás empresas de alto valor engadido nos impostos municipais, as empresas que crean emprego, isto é unha moción, isto é o debate de estado da autonomía realmente, que comeza hoxe aquí no Pleno do Concello de Vigo outro mes máis, porque levamos así Sr. Font, co debate do Estado da autonomía no Concello de Vigo 12 anos, non 12 anos non, comezou no 2009 o debate do estado de autonomía, antes non se debatía o estado de autonomía aquí, tamén antes se debatía o do goberno e agora non se debate, pero preocúpanlle as empresas ao goberno do Sr. Caballero, igual vou ter que falar un pouco máis forte para encher esas dúas cadeiras que fallan aquí, aquí tres ou vinte máis, alégrome que estea a Sra. Caride tamén porque imos falar de solo industrial.

Preocúpanlle as empresas, si, a verdade que si, non sei para que se non están non Pleno, nos preocupan as empresas pero lles subimos os impostos un 2,5%, cren que a Xunta de Galicia lles apoie e lles financie, si, pero lle soben o IAE, o lixo, a contribución e ademais unha cousa importante como a maior parte da produción da industria viguesa xa é unha parte moi importante por estrada lle subimos tamén o imposto de circulación, os custes loxísticos, todo en orde, circulen, preocúpalle ao Sr. Caballero as empresas de Vigo pero non fai ningunha bonificación das que lle pedimos e agora veñen aquí a pedir algo que a Xunta de Galicia xa fai, miren, na súa moción que por certo, nos non imos opoñer a esta moción e un escrito moi ben feito no que se di que hai que instar á Xunta de

Galicia para crea unha liña específica de axudas, correcto, dous parágrafos, non se matou moito non é nin ferinte o escrito, nós non estamos en contra de que a Xunta de Galicia teña axudas que xa ten, só lle faltou pedir na moción que se cree o IGAPE, instar á Xunta de Galicia crear o IGAPE, pois mire, as axudas xa están, xa hai axudas de innovación, xa hai axudas de promoción económica, non só hai axudas, pide vostede subvencións e financiamento, ten máis cousas que subvencións e financiamento, se lle esqueceu tamén que pode entrar no capital das empresas efectivamente faino a través de Ser Galicia e aval ao riscos financeiros tamén, non o puxo na moción. Nós nese sentido entendemos que claro, se levamos tanto tempo queixándonos do que a Xunta de Galicia non fai, ao final xa entramos nunha dinámica e nunha inercia no que todo vale e imos a pedir que se cren axudas para innovación e a promoción económica e imos instar á Xunta de Galicia de novo a facer o debate do estado de autonomía en Vigo e dicir que fagan o que xa fai aquí pois hai un Pleno, neste Pleno deberíamos ter que votar iniciativas de tramitación administrativa, fiscal, urbanística por certo, non veu nin o Barrio do Cua, levan dous meses dicindo que o van levar ao próximo Pleno, aínda non chegou aquí, a ver cando chega. Pois o rigor non é anunciar que ven, o rigor é dicir o que hai.

Entón aquí o que fixeron é como digo un pequeno escrito que nós xa digo que non imos a votar en contra, non o imos a apoiar por unha razón porque nos parece efectivamente unha contradición que este Pleno, no primeiro Pleno do período de sesión que comeza logo de verán, se veña aquí cun debate de estado de autonomía a pedir a Xunta de Galicia que faga o que o goberno non fai, vostedes teñen competencias para axudar ás empresas, teñen competencias para facer solo industrial e desenvolver solo industrial, como fixemos o outro día no Pleno que aprobamos solo comercial, por que non aprobamos solo industrial? Por que non nos veu a iniciativa aquí para facer solo empresarial? Que se trata de instar á Xunta de Galicia? Iso é do que se trata aquí, de instar á Xunta de Galicia a que traballe, e nós non imos a traballar? So vimos a debater? Non imos a traer un asunto ao Pleno de importancia? Nos imos adicar a discutir, a facer mocións e facer emendas? Mire, as empresas de Vigo se lles pode axudar de moitas maneiras, se queren apoialas, modifiquen o Plan, creen solo industrial, baixen impostos e bonifiquen os proxectos xeradores de riqueza de emprego, pero para facer iso hai que traer ao Pleno

expedientes, iso é o que hai que facer, despois veñen aquí a celebralo os 100 días de goberno con que? Co debate do estado da autonomía, non hai nin unha sola iniciativa en marcha para facer solo industrial en Vigo pola concellería de Urbanismo polo Concello, non hai nin unha, iso si, solo comercial o que faga falla, non nos parece mal. Imos absternos xa llo digo.

SR. ANEIROS PEREIRA: A verdade é que é hilarante que o número 20 da lista do Partido Popular nas últimas eleccións locais se alporice tanto sen dicir nada porque ao final no meu escrito, que vostede mesmo cualifica de impecable que o é, se solicita algo que é de sentido común Sr. Marnotes, se solicita algo que é tan sinxelo como que as axudas se concedan e que as axudas cheguen aos sectores produtivos, iso é o que se pide nese escrito que non é ferinte para ninguén, que o que pretende é gañar un consenso, é consolidar a Vigo como cidade industrial, capital económica do polo ibérico da industria de automoción, naval, das telecomunicacións, en definitiva da industria 4.0. e o que se reclama nesa moción é algo tan sinxelo como que está no estatuto de autonomía, o artigo 27 do Estatuto de Autonomía atribúe á Xunta de Galicia as competencias en innovación e en política industrial, polo tanto, o que se lle está a recordar á Xunta de Galicia é que ten que facer as súas deberes, as súas tarefas para axudar aos sectores produtivos, non é admisible que o 50% dunha liña de axudas se quede no caixón e iso é o que pon enriba da mesa, se iso non é significativo, se para as empresas de Vigo vostede pensa que iso non é significativo pois mire, nas próximas eleccións en lugar de 4 quizais teñan un consorte neste Pleno do Concello. Porque dende aquí traballamos, mire, no primeiro semestre deste ano, tan só no primeiro semestre con cargo aos programas municipais de emprego se contrataron 117 persoas, primeiro semestre, se contrataron tamén no Obradoiro de empresas 39 persoas, máis 27 persoas do RISGA, máis 100 persoas beneficiarias do programa “Vigo Integra “ e tamén se permitiu a contratación de 187 persoas para traballo nas empresas sen ánimo de lucro, ou nas entidades sen ánimo de lucro, polo tanto, en termos comparativos moito máis do que fai a Xunta de Galicia, pero mire, déixeme que diga algunha outra cousa concordando neste caso co representante de Marea, mire, si, é certo falla unha cuestión de control de moitas axudas, é significativo que no IGAPE a última memoria de actividades publicada sexa de 2014, non

sabemos o que fai o IGAPE dende o 2014, que as contas anuais publicadas do IGAPE sexan as últimas de 2017, mire, iso non é transparencia, iso non é demostrar que se atenden aos sectores produtivos, como dicía, tan só 9 axudas concedidas pola Axencia Galega de Innovación para favorecer a industria 4.0, isto é serio nun sector que representa un terzo do produto interior bruto do país? Miren, que a Xunta de Galicia se poña a traballar que faga os seu deberes.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira, por ausencia do Presidente)

VOTACIÓN: Con dezaoito votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gomez Días, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, e seis abstencións dos membros do grupo municipal grupo municipal do Partido Popular, señores e señoras Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, mais dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 19.09.2019 (Rex. Nº 2177/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Aneiros Pereira, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

4(167).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO AO CONSORCIO CASCO VELLO A FACILITAR APARCADOIROS E PREZOS REDUCIDOS AOS PROPIETARIOS E/OU INQUILINOS DE VIVENDAS E LOCAIS

DO CASCO VELLO E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. REXISTRO PLENO 2178/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 19 de setembro de 2019, número 2178/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Caride Estévez, formula a seguinte,

MOCIÓN

“Nos derradeiros anos o Casco Vello de Vigo está a experimentar unha importante transformación, Así fronte a perda de poboación e actividade das últimas décadas do século pasado, o Casco Vello hoxe é un punto de encontro de cidadáns e visitantes de Vigo o tempo que logrou o arraigo de novas familias.

A rehabilitación do Casco Vello foi e está a ser complementada co impulso municipal para mellorar as rúas, os espazos públicos, a accesibilidade, os servizos, ... Dentro destas actuacións do Concello sen dúbida a peatonalización é unha clara mellora da calidade de vida neste ámbito.

Dentro das actuacións municipais en marcha destaca a peatonalización da Porta do Sol, a rehabilitación da Panificadora, a transformación do Barrio do Cura, a mellora dos servizos sociais no entorno, a creación de espazos públicos, a mellora da accesibilidade e os servizos públicos ou a creación de novas prazas de aparcamento.

Un espazo con aparcamentos en superficie limitados e peatonalidade precisa ofertar alternativas de aparcamento a prezos razoables. Neste senso, as novas concesións de aparcamentos incorporarán prazas para residentes a prezos reducidos. Así, a nova concesión do aparcamento da Porta do Sol, das Avenidas, ou do Barrio do Cura terán incorporados estes abonos, situación que se extenderá a todos os novos aparcamentos ou reformas ou cambios nos existentes.

As vivendas e locais rehabilitados polo Consorcio do Casco Vello non contan con prazas de aparcamento. Esta situación podería repercutir negativamente sobre a demanda de locais e vivendas, por este motivo, parece axeitado propoñer que o Consorcio se involucre na procura de prazas de aparcamento no Casco Vello.

E por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte:

ACORDO

Instar ao Consorcio do Casco Vello de Vigo a:

1.- Facilitar aparcamentos a prezos reducidos os propietarios e/ou inquilinos de vivendas e locais do Casco Vello.

2.- Incorporar nos seus orzamentos unha dotación adicional de 222.222 euros que procederán o 90% da xunta de Galicia e o 10% restante do Concello de Vigo

3.- Incorporar o Plan de actuacións 2018-2022 novas actuacións que permitan un impulso decisivo a rehabilitación do Casco Vello. A tal fin, a Xunta de Galicia deberá aportar 5 millóns de euros adicionais o Plan de Actuación e o Concello de Vigo 500.000 euros, dentro da vixencia de dito Plan.”

DEBATE:

SRA. CARIDE ESTÉVEZ: Gustaríame que as primeiras verbas neste Pleno foran para felicitar ao Alcalde de Vigo, ese Alcalde que din que non está aquí e que ten unha actitude que alguén describiu, pois a verdade é que eu o felicito por ser o Alcalde de tódolos alcaldes e ademais por conseguir ser o Alcalde de tódolos Alcaldes por unanimidade, algo que dende logo hoxe non está moi de moda e polo tanto, que o conseguiu, por certo, o propio Partido Popular apoiouno para ser o Alcalde de tódolos alcaldes, polo tanto recoñezo que o seu papel neste Pleno é cada día máis difícil, máis alá do resultado.

Imos ao Consorcio do Casco Vello, como vostedes ben saben a rexeneración urbana do Casco Vello de Vigo pois leva nos últimos anos, eu creo que nos últimos dez anos, un impulso decisivo que fai que dende logo se converta nunha das pezas de máis calidade de vida que ten a cidade a día de hoxe, podemos gozar todos do ocio no Casco Vello pero tamén hai moitos cidadás e familias que se trasladaron a vivir ao Casco Vello rompendo esa tendencia que existía de que as familias non quedaban no Casco Vello senón que marchaban, os expulsaban, degradación do barrio desta parte da cidade.

Obviamente a este escenario contribuíron moitas actuacións, dende logo unha delas incuestionable é a axuda á rehabilitación, tanto a axuda á rehabilitación cos diferentes programas de axudas que tramita a oficina de rehabilitación do Concello de Vigo pero tamén no Consorcio do Casco Vello. Pero tamén contribuíron á urbanización que de xeito intenso fixo o Concello de Vigo nas rúas do Casco Vello e que ten que completar e tamén como non a mellora do transporte público, a peonalización que vai ter un impulso adicional coa peonalización da Porta do Sol, a rexeneración de espazos degradados que esperamos que moi brevemente reciba

un impulso decidido como por exemplo coa rexeneración da Panificadora convertida nun espazo público, ou a rexeneración do Barrio do Cura, obviamente tamén as medidas de accesibilidade que fan que a mobilidade peonil sexa mellorada, como coas escaleiras mecánicas, como cos ascensores que se van instalar etc. Polo tanto impulsando esa mobilidade peonil pero tamén ten que ter un impulso adicional para lograr que os cidadáns que viven no Casco Vello dende logo teñan onde aparcar os seus vehículos a prezo razoable, por iso o Concello traballa nun impulso de tal xeito que tódalas prazas novas de aparcadoiro que xurdan ou todas aquelas modificacións de concesión de aparcadoiro leven incorporado unha reserva de prazas para residentes que fagan posible polo tanto que se sitúen no Casco Vello, ademais que o control de accesos para as partes onde están restrinxidas a residentes se faga de xeito máis efectivo, como dicía ademais mellorando o transporte público, facendo novas prazas públicas, en particular no Barrio do Cura, por exemplo, 300 novas prazas ou facendo que o aparcamento da Laxe este permanentemente aberto, ou ampliando o aparcamento da base cara as Avenidas para que teñan máis prazas de aparcadoiro, etc.

Como ben saben nesta política de mellora do Casco Vello xoga un papel decisivo o Consorcio do Casco Vello, o Consorcio do Casco Vello que a día de hoxe languidece porque se creou de tal xeito que por alá polo ano 2005 se lle fixo unha inxección de recursos ao longo de 4 anos, de 30 millóns de euros, 27 millóns de euros a Xunta de Galicia e 3 millóns de euros o Concello de Vigo, eses 30 millóns de euros son os que se tira da caixa para seguir facendo intervencións no Casco Vello ademais do que consegue polas vendas dos inmobles que rehabilita, pero iso fai que se deslanguideza e polo tanto a súa política para os vindeiros anos sexa dunha intervención moi débil, dado que esa intervención está sendo moi débil nós queremos un impulso, por iso insistimos nun novo programa de actuación que adique 5 millóns de euros máis por parte da Xunta de Galicia e por 500.000 euros que comprometemos do Concello de Vigo para impulsar esa actuación ao mesmo xeito que se cubran os gasto correntes con 222.000 euros adicionais da Xunta de Galicia e 22.000 do Concello de Vigo que a día de hoxe non están nos orzamentos do 2020, pero que ademais a presidenta do Consorcio afirma que a escaseza de prazas de aparcadoiro está sendo unha lacra para facer que as familias e os locais triunfen no Casco Vello e sen embargo os seus estatutos lle permiten que poida

chegar a acordos para habilitar prazas de aparcadoiro, en particular o seus estatutos din que o Consorcio para a execución do fin asinado poderá realizar toda clase de actos de xestión e disposición, adquirir, allear, poseer, reivindicar, permutar, gravar, hipotecar todo tipo de bens, aceptar legados e doacións, obrigarse a establecer contratos de calquera natureza, concertar créditos, executar accións e impoñer recursos de toda clase, polo tanto, entendemos que ten capacidade para lograr prazas de aparcadoiro para os residentes, que a exercite.

SR. PÉREZ IGLESIAS: En primeiro lugar dende logo quero sinalar que o silencio do grupo Socialista sobre Vulcano é tan atronador como insultante, nin unha soa palabra, dende logo quedan bastante retratados.

En relación a esta moción, compartindo as cuestións que se recollen na mesma, se me permiten compartindo as cuestións que se recollen certamente na intervención da concelleira a Sra. Caride, fanse alusións a cuestións que a nós tamén nos gustaría que viñesen recollidas na propia moción. Hai unha cuestión da que non quixeron falar, que é o tema da implantación da zona verde ou da zona azul-verde dentro da XER, do estacionamento regulado que é algo que permite a vixente ordenanza, que é algo que ten reclamado de maneira insistente a veciñanza do Casvo Vello precisamente pois para facer que esas prazas que están reguladas pois revertan tamén no uso da veciñanza senón durante todo o día con esa zona verde si con esa zona mixta durante algunhas faixas horarias. É evidente que hai que cumprir as reiteradas promesas duns e doutros en relación á reserva de prazas para residentes nos estacionamentos soterrados, por exemplo o da Porta do Sol, nós dicimos que coincidindo cos aspectos que veñen recollidos na moción hai unha cuestión que é fundamental que é que o obxectivo ten que ser o de retirar vehículos do centro da cidade, retirar, non soterralos tunelando Elduayen, retirar tamén dende logo cunha mellor substancial do transporte público que non se fixo durante os últimos anos e por último hai algúns retos importantes do Casco Vello que están pendentes, por exemplo diversificar a actividade comercial e dotar de máis servizos á zona.

SRA. MÉNDEZ FUENTES: Cremos que instar ao Consorcio do Casco Vello a facilitar aparcadoiros e prezos reducidos a propietarios e inquilinos do Casco Vello non

inhabilita as funcións do Concello en planificación urbanística, refírense vostedes a facilitar aparcadoiro, lembremos algo referente a esta cuestión que xa denunciámos en 2017, o goberno municipal fai obra pública en forma das chamadas humanizacións nas zonas e rúas que interesa, empregando o superávit ao seu arbitrio, a continuación realizase unha fastuosa inauguración e nese momento xa foron eliminadas prazas de estacionamento de superficie forzando á cidadanía a acudir aos aparcadoiros privados e no momento no que a empresa concesionaria do estacionamento regulado en superficie reclama cartos ao Concello pola falla de equilibrio económico, isto ten que ser pagado por tódolos vigueses/as iso si, con moita menos publicidade que a humanización e así sucesivamente. Compre polo tanto, romper estas dinámicas tan instauradas e normalizadas no Concello de Vigo, dinámicas que só traen un estrago económico para toda veciñanza, que traen supostas oportunidades prevaricatorias e económicas para unhas poucas persoas e empresas e tamén graves problemas laborais, como vemos no caso dos traballadores despedidos por Dornier ou no caso do persoal do aparcadoiro da Praza de Portugal para o cal existe un acordo plenario no que se aprobou por unanimidade a subrogación dese persoal asociado ao propio aparcadoiro con independencia do tempo que pasara, sen embargo este goberno local non actuou con coherencia nin rigorosidade á hora de cumprir os compromisos asumidos no que é o máximo órgano de expresión da democracia da nosa cidade, ese órgano ao que o Alcalde non asiste, este Pleno, e os traballadores non foron subrogados. Compre polo tanto, ter control efectivo e real sobre as actuacións das empresas concesionarias e avanzar na municipalización do servizo de aparcadoiro, algo que permitiría desenvolver políticas sociais para as prazas e incluír novas modalidades adaptadas ás necesidades da veciñanz, priorizando efectivamente o aumento de prazas para residentes no Casco Vello pero a rehabilitación integral do Casco Vello require non só de aparcadoiros para residentes, tamén doutras medidas fundamentais, en primeiro lugar, a promoción do comercio de proximidade, neste sentido propuxemos xa, este grupo municipal, a conversión dos chamados gastro-mercados, un modelo fracasado con evidencia no caso do Berbés e de Progreso para usos agroecolóxicos tendo en conta que en Vigo existe unha superficie rústica inmensa podendo desenvolverse neses espazos dos mercados pequenas cooperativas de autoemprego, tamén vivenda en réxime

de protección pública, gábanse vostedes no texto da súa moción da transformación do Barrio do Cura e pola contra no novo Barrio do Cura só 36 de 400 vivendas terá réxime de protección pública. O goberno local evita así ter vivendas en propiedade directa que permitan a creación dun parque municipal de vivenda co que dar resposta tanto á situacións de emerxencia como a creación dun sistema de vivenda pública con alugueiros regulados e en terceiro lugar, precísanse políticas de mobilidade sostible que faciliten a diminución do uso do coche privado, xerador de CO2 e de incompatibilidade coa circulación peonil, citan vostedes na súa moción tamén a peonalización da Porta do Sol, e saben que a proposta dun Vigo central peonil está enriba da mesa, a peonalización da Porta da Sol abriu un debate sobre o modelo de cidade que queremos e ese debate amosa a calidade democrática desta cidade mailos atrancos que este goberno local pon a necesaria consulta e o debate público, a contestación veciñal para facer peonil o conxunto da Porta do Sol, do paseo de Elduayen e do paseo de Alfonso, sen túnel que soterra o tráfico está aí, existe, e non proven de inimigos de Vigo, non proven de inimigos do Concello, pretende reducir tráfico e emisións nunha peonalización que non ten realizarse de vez, senón de xeito planificado e progresivo, unha proposta que fala dun Vigo de futuro, crítico e solidario que quere rúas vivas non deberían vostedes ocupar o lugar que os rancios políticos do Partido Popular e de Vox ocupan en Madrid, estean á altura, se en todas estas dimensións citadas cremos que a rexeneración urbana do Casco Vello dificilmente será completada.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: O goberno quere facer aparcadoiros, pois que os faga, que traia ao Pleno unha concesión administrativa, que traia algo, non o traen, que trae? Unha moción para que o faga o Consorcio, pois que o traia, e sabe por que o ten que traer? Non é porque sexa competencia municipal porque o diga Marnotes, é que o dixo o Alcalde na campaña electoral, o Sr. Caballero promete aparcadoiros en Bouzas e no Casco Vello, 100 días despois das eleccións veñen aquí a que o faga o Consorcio, prometido polo Sr. Caballero. Segunda, o “Sr. Caballero contraataca ao Partido Popular, e promete máis aparcadoiros no Casco Vello e en Bouzas, Caballero iniciará 11 novos aparcadoiros”, que hai no Pleno? Hai algún expediente para comezar un aparcadoiro, algún proxecto, algunha concesión administrativa? Non hai nada, hai unha moción para que o faga o Consorcio, que

pode facer moitas cousas pero o que non pode facer é aparcamentos soterrados como vostede sabe porque é un cometido que non lle corresponde, o cometido do Consorcio do Casco Vello é a rehabilitación, é a adquisición de vivendas e a comercialización, é por certo, é un exemplo de éxito, sábeo vostede e o sabemos todos os que estamos aquí e non só é unha responsabilidade da Xunta de Galicia, non, é un exemplo de éxito dende sempre, sempre funcionou ben, non entendemos a que ven agora a meter o dedo no ollo nun exemplo de éxito do que a cidade está satisfeita, nun tema no que non hai competencias, queren aparcadoiros no Casco Vello, pois cumpran co que prometeron unha e outra vez durante a campaña electoral, e traian expedientes aquí.

Dicía que lle corresponde ao Concello dotar ao Casco Vello desas prazas de aparcadoiro, iso é algo que como digo é competencia municipal e que debe facer? Porque en 12 anos non fixo ningún, cero prazas de aparcadoiro no centro soterradas, ao contrario, eliminaron as de superficie, é imposible vivir así cun goberno que ao que se adica non é a gobernar senón a confrontar, había un e hai un previsto no Barrio do Cura, pois a ver se o traen.

Nós nesta moción, nese apartado do aparcadoiro, non estamos a favor, no resto, mire, a incorporación adicional de 222.000 euros a acordamos o outro día se non recordo mal, igual estaba soñando, ben aquí a instar ao Pleno a acordar algo que xa aprobou o Consorcio o outro día, verdade que si? Aprobouse, esa achega aprobouse e estamos a favor, do que non estamos a favor é o de meter o dedo no ollo co tema dos aparcadoiros, que iso é unha debilidade que teñen vostedes porque foron vostedes o que o prometeron e agora non o fan, expliquen vostedes aos veciños do Casco Vello por que non fixeron o que prometeron. E co que respecta á achega 5 millóns de euros que agora se acaba de sacar da manga pois mire, tampouco nos parece mal, os que fagan falla, claro que si, pero unha cousa, nós estamos dispostos a votar esta moción a favor con dúas condicións, unha, que se retire o tema do aparcadoiro que non ten nada que ver con isto e dous, que efectivamente se acheguen 5 millóns de euros pero que o Concello de Vigo se comprometa a expropiar inmobles que non se poden adquirir, 5 millóns máis pero comprometervos a expropiar, consenso, ides prometer a expropiar vivendas no Casco Vello que non se pode adquirir? Voto a favor dos 5 millóns se vos comprometedes a expropiar as vivendas que non se poden adquirir senón non,

retirades o do aparcadoiro? Sr. Font, se retirades o do aparcamento vótoche a favor, pero retira o do aparcadoiro.

Se queren acordar haberá que facer consensos, o tema do Consorcio é un tema ademais que eu lle digo que non queremos facer confrontación ningunha porque funciona ben, funcionou ben e estou convencido que vostedes tamén queren que segan funcionando ben, retiren o do aparcadoiro e votamos a favor do resto, punto pelota.

SRA. CARIDE ESTÉVEZ: Grazas polas súas achegas, sorpréndome especialmente de que pois parece que o grupo de Marea de Vigo pois non quere que retiremos vehículos da rúa, ou sexa agora o problema das urbanizacións é que se retiran vehículos da rúa, este grado de contradicións resúltame difícil de entendelo, pero recoñezo que para poder camiñar polas rúas, facer as rúas peonil e que a xente camiñe tranquilamente, ao mellor é non ter coches no medio, polo tanto, é un obxectivo que valora moi especialmente aos cidadáns que acotío transitan polo Casco Vello, polo tanto, non deixo de sorprendeme; claro, falan vostedes de que o que hai que facer o Sr. Marnotes, fala de que hai que facer máis aparcamentos, para facer aparcadoiros como os que adxudicou a Sra. Porro o último día da súa lexislatura, que levaron como consecuencia un proceso de concurso porque eran ruinosos, en Castelao, en Jenaro de la Fuente e ademais ten delito, sabe vostede por que falamos de aparcadoiros nesta moción? Porque a propia Sra. Porro esta reina dos aparcadoiros fracasados, pois dixo que o Alcalde tiña que buscar medidas para solventar o aparcadoiro no Casco Vello porque claro os residentes e os locais non se enchían porque a xente non quería se non existía aparcadoiro, pero claro os seus estatutos lle habilitan non para construír aparcadoiro, para chegar a acordos que permitan prazas de aparcadoiro reservadas para residentes no Casco Vello e polo tanto, que habilite esa competencia, non imos retirar este punto pero si lle permitimos que votemos por puntos, e vota vostede ao primeiro punto se quere en contra e vote vostede aos outros dous puntos a favor porque mire vostede, levan todo o rato dicindo que o Concello de Vigo expropie, por certo, levan todo o rato dende que chegou a Sra. Porro, porque antes dicía o señor que estaba antes que creo que xa se esqueceron del, agora o colocaron non sei onde, non sei se o nome do organismo lle vai moi ben, pero visto o que fixo en Vigo, e en

calquera caso, ese señor dicía que era a Xunta de Galicia a que ía a expropiar, o Concello de Vigo como sabía que existía un problema incorporou esas propiedades no rexistro de soares, polo tanto, xa teñen o camiño andado pero nós non queremos só que se rehabiliten 5 soares no Casco Vello, queremos que se rehabiliten moitos máis por iso no propio rexistro de soares non só hai eses cinco, non, hai 11 máis, pero que pasa non hai recursos por iso precisamos unha moción como esta que achegue máis recursos ao Consorcio do Casco Vello, por certo, a este Pleno xa viu máis veces, non é unha novidade, o Partido Popular sempre se opuxo, polo tanto, imos ver agora se vostede cambiou a estratexia do Partido Popular, votación por puntos primeiro separado dos dous restantes, por favor.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: Aceptamos a votación por puntos. Votaremos en contra do primeiro e a favor dos outros dous.

(No momento da votación preside o 3ª Tenente de Alcalde, Sra. Espinosa Mangana, por ausencia do Presidente e dos 1º e 2º Tenentes de Alcalde)

VOTACIÓN DO PUNTO 1: Con dezasete votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Gomez Días, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, e mais do membro non adscrito, Sr. Perez Iglesias, dúas abstencións dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e tres votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, aprobase o 1º apartado da moción.

VOTACIÓN DOS PUNTOS 2 E 3: Con vinte votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Gomez Días, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, mais dos membros

do grupo municipal do Partido Popular, señores e señoras Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, e mais do membro non adscrito Sr. Pérez Igrexas, e dúas abstencións dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, apróbanse os apartados 2 e 3 da moción.

Adoptándose o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 19.09.2019 (Rex. Nº 2178/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Caride Estévez, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

5(168).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A DECRETAR A GRATUIDADE DO APARCADOIRO DO HOSPITAL ALVARO CUNQUEIRO E A CESIÓN AO CONCELLO DE VIGO DA PARCELA 5 DO COMPLEXO HOSPITALARIO. REXISTRO PLENO 2179/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 19 de setembro de 2019, número 2179/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

“Catro anos despois da posta en funcionamento do Hospital Alvaro Cunqueiro, o problema de aparcamento para traballadores, usuarios e familiares dos ingresados segue sendo unha reivindicación de todos.

A ubicación do Hospital non ofrece ningunha posibilidade de aparcamento salvo o concesionado por la Xunta de Galicia co custo económico que supón. Este custo convértese, na realidade, nun copagamento á Sanidade ao non ter outra opción.

Desde o primeiro momento, o Goberno Municipal solicitou a gratuidade dese aparcamento e, tamén desde o primeiro momento, o Goberno de Nuñez Feijoo denegouno co consecuente prexuízo económico para as viguesas e vigueses e veciños da área Metropolitana.

Desde o Goberno Municipal, a maiores da reiterada petición de gratuidade que non imos abandonar ata conseguila, buscáronse solucións. Hai un ano, puxemos ao dispor de traballadores, usuarios e familiares un aparcamento gratuïto de 400 prazas.

Tamén solicitamos da Xunta de Galicia a cesión da Parcela 5 do Complexo Hospitalario, dado que non temos constancia de posible desenvolvemento da 2ª fase do Proxecto Sectorial do Hospital, para construír desde o Concello outro aparcamento como o mencionado anteriormente.

Dabamos á Xunta todas as opcións, que nolo cedesen gratuitamente ou inclusive adquirindo o Concello dita parcela. A resposta, un ano despois, foi un non categórico.

A situación é insustentable, o prexuízo económico ano tras ano a traballadores e usuarios é acumulativo en beneficio dos intereses empresariais consentidos e amparados pola Xunta de Galicia en contra da cidadanía de Vigo.

E por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte:

ACORDO

-Instar á Xunta de Galicia a decretar a gratuidade do aparcamento do Hospital Alvaro Cunqueiro.

-Instar á Xunta de Galicia á cesión ao Concello de Vigo, de forma gratuïta ou por adquisición, da Parcela 5 do Complexo Hospitalario.”

DEBATE:

SR. LÓPEZ FONT: A verdade é que a Sra. Caride sempre soe estar moi acertada, sempre, e hoxe o estivo, na felicitación ao Alcalde pola elección da FEMP e pola referencia á unanimidade o que pasa que na unanimidade eu engadiría ao que dixo a Sra. Caride, que hai que facer un recoñecemento a que todo o Partido Popular de España en ámbito municipal votou ao Sr. Caballero para que sexa Presidente da FEMP, eu me imaxino que na medida na que é o Alcalde da cidade deste grupo municipal, seguro que lles chamaron a vostedes para confirmar este voto afirmativo e polo tanto, creo que debemos congratularnos todos en nome da cidade de que o Sr. Alcalde sexa presidente da FEMP tamén co voto do Partido Popular que creo que deben lembrar ao largo da lexislatura.

Falábase antes do estado da autonomía, non aquí non debatemos sobre o estado da autonomía aquí o que debatemos é sobre as competencias da Xunta de Galicia que non está exercendo nesta cidade e imos falar do hospital Álvaro Cunqueiro e en concreto do aparcadoiro, todo comezou moi mal, porque co Presidente o Sr. Touriño había un hospital público e o problema é que chegou o Sr. Feijóo a presidente da Xunta de Galicia e isto cambiou a un hospital privado, foron 10 anos, hoxe debaterano en Santiago de Compostela dunha xestión sanitaria privatizadora e de recortes porque cada ano neste debate de hospital público, hospital privado eu creo que xa ninguén discutirao cando neses orzamentos da Xunta de Galicia figura o pago á concesionaria de 70 millóns de euros por espazo de 20 anos, pero é que é peor aínda porque a concesionaria segue reclamando ao goberno da Xunta de Galicia por reequilibrio económico e segue reclamando por outras cuestións ás que logo me referirei, e en concreto xa no ano 2018 en vez de 70 millóns facturou 75,4 millóns, o día que saibamos canto custa ese hospital creo que nos imos levar as mans á cabeza. Todo comezou mal e o aparcadoiro foi un completo engano, ninguén no momento en que se anunciou o traslado sabíamos que teríamos que pagar aparcadoiro, a posta en funcionamento do hospital e o traslado evidentemente foi un desastre pero a sorpresa foi esa, que chegando ao hospital Álvaro Cunqueiro só hai dúas opcións, unha opción é ir a urxencias e outra opción meterse no aparcadoiro privado, evidentemente dende o primeiro momento isto foi un clamor para os vigueses, en setembro do ano pasado se manifestaron non sei cantas persoas, por enriba da 100.000 persoas pedindo ese aparcadoiro gratuíto, polo tanto, durante 4 anos dende a súa inauguración, traballadores, pacientes e familiares soportan un copago á sanidade, nós o reclamamos no seu momento e o seguiremos reclamando, porque miren nun cálculo moi á baixa que significaría unha ocupación media de a metade das prazas e unha ocupación dun carto do día, é dicir, de seis horas, as viguesas/es levamos pagados en 4 anos 8 millóns de euros, que ademais non é unha cantidade real porque a concesionaria reclama a compensación de tódalas reducións que parecía que a Xunta de Galicia facía e eran absolutamente mentira. Cando se pasou de dous euros, un clamor esa tarifa, a un euro, non estaba regalando nada a Xunta de Galicia, a concesionaria entende que quen o ten que pagar é quen fixo esa promesa, cando se dixo que había unha serie de prazas gratuítas para os profesionais tamén era mentira

porque agora a concesionaria o reclama, polo tanto, a única solución é que nun hospital que algúns din que é público o aparcamento tamén sexa público pero é tan negativa a posición do goberno da Xunta de Galicia con respecto a esta cidade que nin admite o que se ceda unha parcela para que este goberno municipal, fala vostede de traer expedientes, eu espero con moita atención que é o que van a votar vostedes porque xa lle anticipo que no caso de que a Xunta de Galicia ceda esa parcela ao Concello de Vigo, aquí virá como dixo o Alcalde novamente un expediente para que haxa outro aparcadoiro gratuíto porque lembro que cando chegamos ao Álvaro Cunqueiro agora si hai tres opcións, as dúas que dixen anteriormente e a terceira é ir a un aparcadoiro que fixo este goberno municipal que é gratuíto e que sempre está cheo.

SR. PÉREZ IGLESIAS: O Partido Popular castigou á cidade de Vigo cun hospital recortado e cun hospital privatizado e un hospital custoso, o SERGAS do Partido Popular, a Xunta de Galicia do Partido Popular destina cada ano 150 millóns de euros entre o que se lle paga á UTE do Álvaro Cunqueiro e o que se lle paga no concerto especial de POVISA e se non chegaba con ese hospital recortado e privatizado impuxo tamén como sempre un réxime de repagamento, unha pequena taxa á enfermidade porque claro para ser atendido ou ser atendida no hospital ou para acompañar a un familiar a celo hai que chegar a el e hai que aparcar nel e entón por iso fixeron ese imposto á enfermidade en forma dun aparcadoiro de paga que tiveron que rebaixar o seu custe porque efectivamente como xa se sinalou era absolutamente ofensivo. Nese sentido nós compartimos o obxecto da moción do grupo socialista, o Bloque Nacionalista Galego defendimos dende un primeiro momento que Vigo merece un hospital 100% público e que dende logo tamén inclúe os seus servizos non hospitalarios entre eles o aparcamento, pero si que temos algunhas reservas ao respecto do segundo punto da moción, porque mire, nós en coherencia con que non queremos un hospital recortado, si que entendemos que se a Xunta de Galicia fixera o que ten que facer, que é converter en público e gratuíto o aparcadoiro que ten o propio hospital, non sería necesario cometer ningún novo aparcadoiro en superficie nas súas inmediacións e polo tanto esa parcela que está reservada para a segunda fase do proxecto sectorial do hospital, podería e debería ser usado se de verdade

queremos dota a Vigo e a súa área sanitaria do hospital que merecemos. Dito isto, hai dúas cuestións tamén moi importantes que dende logo merecen, deberan merecer a atención do goberno municipal, en primeiro lugar, a mellora dos accesos ao hospital Álvaro Cunqueiro nomeadamente no ámbito peonil e en segundo lugar, actuar de maneira urxente para reparar no aparcadoiro municipal que foi unha iniciativa paliativa para fronte a esta estafa do aparcadoiro privado porque hoxe xa presenta un moi mal estado de conservación.

SR. PÉREZ CORREA: Esta moción, ou unha moción parecida viu aquí ao Pleno o 27 de febreiro, uns meses antes do escenario das eleccións municipais e daquela altura por iso a nós nos gustaría que se incluía e ademais ao respecto deste segundo punto que é para onde nós se introduce certa dúbida e porque ademais era en febreiro cando o Partido Socialista recoñecía na moción que no caso que o SERGAS precisara esta parcela quinta para destino de usos hospitalarios que o Concello de Vigo revertería o aparcadoiro e a nós nos gustaría que iso figuraba como figuraba na moción de febreiro, é dicir, eu confío que haxa un cambio de goberno factible dentro dun ano, que haxa unha xestión pública 100% deste hospital e as necesidades hospitalarias, as necesidades ligadas á actividade sanitaria que contiñan esa parcela, obviamente se desenvolvan e polo tanto se está dentro do proxecto nós coincidimos co Bloque Nacionalista Galego en que non se peche a porta ao uso hospitalario desa parcela que é certo que eran actuacións que non eran sanitarias pero moitas veces ligadas á actividade sanitaria, polo tanto, nós si que nos gustaría propoñer esta cuestión, que se introduza se pode ser a través dunha emenda “in voce” pois que se introduza como estaba na moción de febreiro que no caso de que o SERGAS estea disposta a desenvolver o uso sanitario desa parcela se reverta, toda vez que a actuación deste tipo de aparcamentos non é excesivamente custosa. Pero nós tamén queremos introducir algún debate de fondo e é unha cuestión que non é menor, a batalla campal que o Partido Popular e o Partido Socialista fan coa cuestión dos aparcamentos no entorno do Álvaro Cunqueiro é evidente que era coñecido no ano 2014 que tódolos servizos que non eran sanitarios ían estar privatizados e concesionados porque cando a UTE consiga o financiamento do Banco Europeo dos máis de 200 millóns de euros aparece no expediente que tódolos servizos que non foran sanitarios incluídos os servizos de

comedor, lavandería e os aparcamentos eran privados, pero aínda así o Partido Popular e o Partido Socialista asinaron un acordo de orzamento no ano 2014 que facilitaba a apertura dese hospital e a terceira ou cuarta vez que dicimos iso, nese acordo que asina o Sr. Caballero e o voceiro do Partido Popular podían perfectamente esixir que ese aparcadoiro estivera garantido que fora 100% público, se fixeran as acometidas eléctricas, vendeuse como que era unha mellora das parroquias, que iso figura no acordo orzamentario do 2014 e aí é onde imos, a que hai ao redor do hospital, porque vostedes tiñan un Plan Xeral e un Plan Xeral que ten unha ficha concreta para ese ámbito, que ademais di claramente a previsión dunha estación de intercambio principal e aparcadoiro de disuasión no sector S58I parque tecnolóxico e loxístico, é dicir, vostedes xa prevían ou polo menos no Plan Xeral do 2008 que íamos a ter, dende o punto de vista de urbanismo local e municipal, que facer aparcadoiros disuasorios para dar servizo, entendo que ao hospital porque así figura no Plan Xeral que está anulado, que hai que clarificar? Pois eu non espero nada do Partido Popular en materia de servizos públicos, xa non espero nada, e calquera persoa que fora usuaria dese hospital sabemos que non esperamos absolutamente nada da xestión do Partido Popular, non esperamos nada que se indemnice millonariamente agora á concesión a cambio do rescate dun aparcadoiro, é que non creo que sexa nin sequera necesario, creo que podemos acometer como fixemos moitas veces, nós levamos unha moción pedindo que ante a actitude do Partido Popular e o sistema privatizo da sanidade, que a administración local que en teoría non está en mans da dereita que faga unha función de contra nicaragüense, aquí nos poñemos se nós imos a facer un aparcamento público gratuito porque entendemos que os outros fixeron un negocio do que tería que ser un dereito ligado a un hospital e froito diso, en coherencia co planeamento urbanístico se figura e non sería mala idea porque podería dar servizo tanto ao hospital como para facer un aparcamento disuasorio no externo da cidade como está na ficha do Plan Xeral e como era unha cuestión que non é menor precisamente en onde había, agora veremos coa ampliación pero habería posibilidade de pode facer ese tipo de aparcadoiros. En todo caso nós estamos de acordo, o rescate do hospital Álvaro Cunqueiro vai a ser a primeira tarefa se hai un goberno progresista, non hai outra en Galicia que non sexa o rescate do hospital Álvaro Cunqueiro e seguramente imos a ter que desembolsar,

por desgracia, porque tamén cremos que o Partido Popular deixou blindado este contrato, moitos recursos públicos dos galegos/as pero dende logo estamos de acordo, si nos gustaría que figuraba esa cuestión, que non caso de que o SERGAS se comprometera ao uso sanitario público 100% desa parcela como figuraba na moción do 27 de febreiro, que se revertera ao SERGAS.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: Sr.Font, o tema do hospital que é un tema para vostedes recorrente aínda non se caeron da burra, esta cidade está orgullosa do hospital Álvaro Cunqueiro, esta cidade está orgullosa e os cidadáns/ás están orgullosos, hoxe en día, por iso non convocan vostedes ningunha manifestación de nada, porque non lles vai a ir ninguén, tampouco terían como ir, mire, xa na moción que presentou que a tiveron que ler tres veces pero se esqueceu de poñer hospital privado xa non o pon, pon hospital Álvaro Cunqueiro, benvido ao clube dos que cremos no hospital como a maior parte dos cidadáns/ás desta cidade que están orgullosos do servizo sanitario que se presta nese hospital e do persoal sanitario que da servizo a ese hospital e que por certo para acceder a el non ten liñas de autobuses suficientes, que diso falaremos agora porque aquí podemos estar moito tempo falando do hospital público, privado, o financiamento e eludir un debate, que é que pasa cos accesos ao hospital, que pasa coa avenida Clara Campoamor, que pasa coas liñas de autobús para ir ao hospital, os veciños de Valadares que teñen o hospital ao carón na parroquia para poder ir ao hospital teñen que baixar ás Travesas, outra foto como esa xa non a vas a ter, convoca outra manifestación a ver se che van, houbo unha segunda e non che foi nin Deus. Queren facer un aparcadoiro e piden que se lles ceda unha parcela de uso sanitario para facer un aparcamento pero se teñen miles de metros cadrados ao redor do aparcamento que fixeron, xa para facelo, fágano, non necesitan que lles ceda nada, xa teñan parcelas municipais na contorna do hospital e ao carón do aparcamento que xa existe para facelo, non necesitan que se lles ceda nada, o aparcamento do hospital que piden que sexa gratuíto custando dous euros diarios, canto costa o da praza de Portugal? Un aparcamento que rematou a súa concesión, que se amortizou a construción e que a sacan, 16 euros e pico ao día, un aparcadoiro que xa rematou a concesión Sr. Font, e lle pide vostede á Xunta de Galicia que poña gratuíto o aparcadoiro do hospital, fai outro ti, xa tes os terreos,

leva o expediente. Mira, na contorna do hospital había previstas 2.824 prazas de aparcamento disuasorio, non fixeron máis que 400, utilicen os terreos que teñen, teñen espazos público municipais na contorna do hospital, utilícennos.

Creo que hai que deixar xa e falar do que hai que falar, hai un problema de acceso que o Concello ten obriga de rematar, avenida Clara Campoamor non ten nin beirarrúas e hai outro problema grave que é o transporte público, non hai liñas de autobuses suficientes para ir ao hospital dende os barrios e dende as parroquias da cidade, non a hai e diso non falan, é un clamor, veciños de parroquias que teñen que baixar ao centro tendo o hospital a menos dun quilómetro e teñen que baixar ás Travesas para coller o hospital, pero bo, falen das competencias municipais que é do que hai que falar aquí, dos accesos ao hospital, do aparcamento público nos terreos propiedade municipal, nas liñas de autobuses e do acceso de transporte público ao hospital que é sen dúbida, lles guste ou non, o lugar da cidade que ten máis afluencia, están vivindo ás costas desa realidade, están prexudicando aos usuarios do hospital, é un hospital que é un referente e vostedes viven ás costas del, non lles gusta pero as liñas de autobuses as teñen que facer porque é competencia de vostedes, o aparcamento téñenno que facer porque é competencia de vostedes e os accesos os teñen que mellorar porque é competencia de vostedes, que é do que hai que falar aquí, das competencias municipais e non do que outros/as deixan de facer, iso non é competencia nosa.

SR. LÓPEZ FONT: Sr. Pérez, non adscrito, evidentemente que era un paliativo o aparcamento que nós fixemos dende o goberno municipal e dende logo se non fora necesario o punto segundo, nós estaríamos de acordo con que o punto primeiro chegaba e en relación cos accesos e vale de contestación para os tres, hai que lembrar que a Xunta de Galicia non someteu a información o proxecto de accesos a ese hospital cuestión moi importante.

Sr. Pérez Correa, se en febreiro votamos a favor de que se puidera reverter ese aparcamento por suposto que votamos a favor agora e se incorpora "in voce" porque ademais xa o dixemos no seu momento, dimos tódalas opcións, cesión gratuíta, cesión por venta e inclusive que se puidera reverter, polo tanto, ningún problema; e en relación co orzamento de 2014 non enganemos porque vostede mesmo dio, efectivamente o que se pactou entre Partido Popular e este goberno

municipal foi acometidas eléctricas a parroquias, punto, se alguén quere interpretar outra cuestión que a interprete pero nese acordo orzamentario como comprenderá dificilmente podía preverse o que o aparcadoiro fora absolutamente gratuíto.

Mire, Sr. Marnotes, voceiro número 20 do Partido Popular, preguntábame o outro día cantas veces presentamos esta moción, e lle contestei o mesmo que lle di un amigo meu, seguir premendo e seguir pedindo ata que o consigades ese aparcamento, polo tanto, non sei cantas veces van pero ímolo reiterar para conseguilo, e mire, manifestacións, xa houbo unha manifestación de 300.000 vigueses e da área metropolitana orgullosos de manter a sanidade pública e de conseguir ese aparcamento pero é que houbo outra manifestación, o 26 de maio, no que 100.058 vigueses dixeron que si a estas e a outras cuestións. Que eu puxen hospital Álvaro Cunqueiro, porque respecto as denominacións aínda que non as comparto pero vostede non estaba aquí e os únicos que defendemos aos profesionais da sanidade fomos nós e sentados aí onde comparecen aqueles que veñen a este Pleno, persoal de laboratorio e outro persoal sanitario dixeron literalmente que ese hospital era un risco para saúde dos que íamos alí, si está nas actas e mire, remato, dicíao moi ben a Sra. Caride, que queremos o mesmo hospital que para a universidade que chegamos alí e gratuíto e cando se queira falar de transporte aínda que o incrementamos sobradamente presente unha moción que estaremos encantados de ver con vostedes a moción.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira, por ausencia do Presidente)

VOTACIÓN: Con vinte votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Abelairas Rodríguez, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gomez Días, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, máis dos membros do grupo municipal Mixto, señor e señora, Mendez Fuentes e Pérez Correa, e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e tres votos en contra dos membros do

grupo municipal Partido Popular señores e señoras, señores e señoras, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 19.09.2019 (Rex. Nº 2179/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

6(169).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A RESOLVER DE FORMA INMEDIATA A CONCESIÓN DAS AXUDAS AO ALUGUEIRO DO PLAN DE VIVENDA ESTATAL DO ANO 2018, LIÑA A, PARA PERSOAS CON ESCASOS RECURSOS E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. REXISTRO PLENO 2180/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 19 de setembro de 2019, número 2180/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Aguiar Castro, formula a seguinte,

MOCIÓN

“Galicia ocupa os últimos postos do ranking en materia de vivenda protexida, so superada no dato negativo por Canarias e Baleares.

A política de acceso á vivenda da Xunta de Galicia acadou o ano pasado un dos peores resultados de execución de todas as partidas orzamentarias previstas no presuposto.

Ano a ano vemos como a política de vivenda por parte da Xunta de Galicia se estanca ou empeora, especialmente na oferta do parque público de vivendas, tanto para alugueiro como en propiedade.

A oferta de vivenda pública ten baixado notablemente nos últimos anos en Galicia. A Xunta de Galicia ten atribuído estes escasos recursos para promoción de vivendas públicas á súa aposta política pola rehabilitación e reutilización de vivendas baleiras.

Neste dramático contexto, as axudas ao aluguer de vivendas adquiren unha importancia vital para as familias viguesas con menos recursos, poñéndoas nunha situación límite.

O Plan de Vivenda 2018-2021, promovido polo Ministerio de Fomento do Goberno de España no ano 2018 para paliar esta situación, dotou de fondos ás Comunidades Autónomas para establecer liñas de axudas ao alugueiro para familias con escasos recursos e para xóvenes menores de 35 anos.

A Xunta de Galicia, con esta liña de axudas estatais, aprobou hai máis de un ano a Orde de 22 de xuño de 2018, para convocar as ditas subvencións. Solicitaron estas axudas 11.890 galegos e galegas que a día de hoxe, un ano e dous meses máis tarde seguen a esperar unha resolución da Xunta de Galicia.

Este enorme retraso pon en evidencia a desidia e o desinterese da administración autonómica na priorización dun problema social de carácter estrutural como é o acceso a unha vivenda digna a prezos asequibles. O rexistro de demandantes de vivenda segue a incrementarse mes a mes, situándose en 13.800 no mes de agosto de 2019.

Pero tan grave como a falta de resolución das axudas de 2018 por parte da Xunta de Galicia é que a convocatoria para o exercicio de 2019 destas axudas produciuse, despois de reiteradas denuncias por parte do Concello de Vigo, o 11 de setembro, é dicir, a escasos tres meses e medio de que remate o ano. Entre tanto, as familias con escasos recursos económicos levan dende o ano 2018 sen percibir as axudas ao alugueiro do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021.

Ademais, a Xunta de Galicia, nesta convocatoria extemporánea a finais de ano, ven de endurecer os criterios fixados na convocatoria anterior, rebaixando os indicadores do IPREM, co que serán menos aínda as persoas que poidan acceder a estas axudas.

Por todo o antedito, propónse ao Pleno de Excma. Corporación Municipal que adopte o seguinte acordo:

ACORDO

1. Instar á Xunta de Galicia a resolver de forma inmediata a concesión das axudas ao alugueiro do Plan de Vivenda Estatal do ano 2018, Liña A, para persoas con escasos recursos.
2. Instar á Xunta de Galicia a que aporte fondos propios a este Plan de Vivenda Estatal, de modo que se poidan beneficiar das axudas unha maior porcentaxe da poboación.

3. Instar á Xunta de Galicia a que convoque as axudas do Plan de Vivenda en prazo, ao principio de cada ano, para que as familias con escasos recursos non estean en risco de desafiuzamento.”

DEBATE:

SRA. AGUIAR CASTRO: O 22 de xuño de 2018 a Xunta de Galicia convocaba a liña de axudas do Plan Estatal de Vivenda de Alugueiro Social para persoas con escasos recursos, presentáronse daquela, xa hai un ano e tres meses, máis de 12.000 solicitudes a esta liña de axudas para persoas con escasos recursos, pois ben, un ano e tres meses máis tarde daquela data esta liña de axudas segue sen estar resolta, é dicir, as persoas seguen esperando que a Xunta de Galicia resolva esas axudas e pague o alugueiro das persoas que menos recursos teñen. Miren, voulles dar un dato, grazas á nefasta política de vivenda da Xunta de Galicia, Galicia ocupa en materia de vivenda protexida o vagón de cola de tódalas comunidades autónomas de España só por detrás de Canarias e Baleares, hoxe, adícase un 75% menos a política de vivenda que hai 10 anos, supoño que diso tamén falará hoxe o presidente da Xunta de Galicia no debate do estado de autonomía. Ademais a política de acceso a vivenda da Xunta de Galicia acadou o ano pasado a peor cifra de execución orzamentaria da última década, diso tamén falara o Sr. Feijóo supoño hoxe no Parlamento de Galicia.

A Xunta de Galicia na década 2009-2019 non construíu en Vigo ningunha soa vivenda protexida e a única que está en construción neste momento é en terreos cedidos, gratuitamente polo Concello de Vigo por certo, víamos hai uns días por aquí a conselleira de Vivenda visitando precisamente esas obras e nun acto de deslealdade institucional sen precedentes, ao que por certo xa nos teñen moi acostumbrados, nin sequera comunicou, invitou ao Concello de Vigo a esa visita cando eran, insisto, terreos cedidos gratuitamente polo Concello de Vigo.

Máis de 4.800 persoas en Vigo son demandantes de vivenda protexida, os escasos recursos que a Xunta de Galicia ten destinado á promoción da vivenda pública aínda por enriba foron xestionados de forma negligente e incompetente, teño que dicirlles que no ano 2018, a partida inicial do programa dirixido a vivenda do Instituto Galego da Vivenda e do Solo para a promoción de vivenda pública, tiña unha partida inicial de 21,3 millóns de euros que foi recortada pola propia Xunta de

Galicia á metade, a 11,8 millóns de euros, pois ben, saben vostedes canto executou o IGVS desta partida inicial de 21,8 millóns de euros? 4,5 millóns de euros, unha vergoña, pois neste contexto dramático de ausencia total de política de vivenda por parte da Xunta de Galicia, saben vostedes cal é a administración que está dando resposta á situación dramática de falla de vivenda protexida nesta cidade? O Concello de Vigo, que ten unha liña de axudas a desafuizamentos de máis de 2,5 millóns de euros, que é a que está evitando que as familias acaban na rúa pola política negligente do Partido Popular.

Pero dígolle algo máis, no plan estatal de Vivenda que vostedes aínda non resolveron despois de un ano e tres meses é que a convocatoria do ano 2019 acaban de publicala hai escasamente unha semana, que é unha vergoña, publican vostedes a convocatoria de axudas a tres meses de que remate o ano, sabe cal é a administración que mentres tanto está asumindo as necesidades económicas das persoas con menos recursos en materia de vivenda? O Concello de Vigo e vostedes que teñen competencia exclusiva en materia de vivenda pública están facendo desleixo das súas competencias, o Sr. Marnotes fala moito hoxe das competencias do Concello de Vigo, pois voulle dicir unha cousa, pola súa negligencia e pola ausencia de execución das políticas que o estatuto de autonomía lle confire á Xunta de Galicia e este Concello quen sen ter competencias na materia está parando os desafuizamentos nesta cidade. Polo tanto, e xa remato, instamos á Xunta de Galicia a que resolva xa dunha vez e de forma urxente a liña de axudas do Plan Estatal de Vivenda para persoas que están en risco de exclusión social que é unha vergoña, e instamos á Xunta de Galicia a que achegue ao Plan Estatal de Vivenda cantidades complementarias igual que o fan outras comunidades autónomas como Castilla-La Mancha ou Aragón, e a Xunta de Galicia pon cero patatero no Plan Estatal de Vivenda, e instamos á Xunta de Galicia a que faga política pública de vivenda protexida.

SR. PÉREZ IGLESIAS: O certo é que o grupo socialista ten unha tendencia permanente a confundir parte e totalidade, nesa manifestación histórica en defensa da sanidade pública non só estaba o Partido Socialista nin os votantes do Partido Socialista, e en defensa sanidade pública están os sindicatos en primeira liña de actuación e unha plataforma da que facemos parte máis organizacións, dito

isto, o primeiro dereito que ten calquera cidadá/án é o de habitar, ter dereito a habitar a ter un teito, a ter onde vivir e nese sentido os datos que en materia de acceso social á vivenda da cidade son enormemente preocupantes, efectivamente hai 4.736 persoas rexistradas como demandantes de vivenda protexida, mais sabemos que son moitas máis, moitas que nin tan sequera van a inscribirse porque saben que efectivamente non hai oferta de tales vivendas protexidas, nun contexto onde o aumento dos prezos dos alugueiros foi dun 7% o ano pasado onde estamos a prezos de 9 euros metro cadrado na cidade, prezos privativos que impiden un acceso a un ben existencial como é a vivenda, nunha cidade onde se seguen a producir e hai que dicilo, se seguen a producir desafuizamentos sen alternativa habitacional, e sobre a insuficiencia das políticas municipais, insuficiencia, falaremos outro día pero se seguen a producir desafuizamentos sen alternativa habitacional nunha cidade que ten 18.500 vivendas desocupadas, na súa maioría propiedade de bancos privados rescatados cos cartos de todos/as e nunha parte tamén significativa en mans da propia SAREB, polo tanto, do propio estado, e por iso que dende o Bloque Nacionalista Galego formulámoslle unha emenda de adición a súa moción para que se engada un novo acordo que sexa “instar ao goberno municipal a que se impulse a creación dun parque municipal de vivenda social en comparación con outras administracións e que demande a cesión de uso das vivendas desocupadas das que sexan titulares a SAREB e as entidades financeiras privadas que foran rescatadas con fondos públicos, iso é que creo que lle vai a dar máis consistencia á moción, máis coherencia e dende logo vai parecer que hai un pretexto real de abordar o problema e non só de guindarlle o problema a outra administración.

1. SR. PÉREZ CORREA: O debate competencial e eu creo que é interesante dicíao no anterior Pleno a concelleira que poñamos este debate tanto no que son servizos sociais como son competencias en materia de vivenda, que efectivamente no estatuto de autonomía son competencias autonómicas pero que todos e cada un dos concellos deste país xestionan competencias en materia de vivenda, entre outras cousas porque teñen una oportunidade de ouro que se chama urbanismo, e esa oportunidade de ouro significa que exercendo un urbanismo progresista e exercendo un urbanismo que busque o ben común, os concellos pódense dotar de

vivendas, é a enésima vez que falamos dos aproveitamentos lucrativos, de cada convenio urbanístico que asina un concello, ten dereito a ter o 10%, historicamente alcaldes dunha e outra cor, concelleiros de urbanismo dunha ou outra cor decidiron que ese aproveitamento urbanístico se deitaba en forma económica a través do promotor e que non se exercía ese dereito a quedarse co 10% en forma de vivendas e o último caso é Cambeses onde a Xunta de Galicia fai unha promoción o Concello de Vigo ten unha opción a quedarse cunha parte das vivendas e prefire baixos comerciais, pois iso é verdade, está por escrito, baixos comerciais e senón o veremos porque foi á Xerencia de Urbanismo ese expediente, e hai dúas cuestións que a nós nos parecen interesantes poñer enriba da mesa, esta cidade en materia de vivenda claro que fai pouco porque non exerceu as súas funcións en sentido público de dotarse dun pequeno parque, un parque de emerxencia que non é o mesmo, obviamente unha persoa que ten recursos, unha persoa incluso que ten un nivel adquisitivo alto pode estar no rexistro de demandantes de vivendas da Xunta de Galicia, pero historicamente nos o que demandamos é un parque de emerxencia para xente que non ten recursos ou a xente que en 24 horas ou nunha semana ten un lanzamento hipotecario ou ten desafuizamento e iso o require dun parque de emerxencia que algún concellos Burgos, Madrid, Sevilla, Málaga teñen xa habilitado, este Concello ten unha serie de vivendas que si que se foron obtendo a través deses aproveitamentos urbanísticos pero absolutamente insuficientes, a nós nos gustaría un compromiso de que en diante o Concello aproveite ese 10%, aproveitamento lucrativo en forma de vivendas, e se quede con elas, non as venda, non as xestione, non as compro, que haxa un parque e non pasa nada, hai cidades como Ferrol que aproveitando os aproveitamentos lucrativos de barrios como Recemil teñen 700 vivendas en propiedade, e creo que iso é un debate que hai que abrir, digo que non é responsabilidades exclusiva do Partido Socialista senón que é unha práctica habitual neste Concello, dende os convenios da unión cervexeira ata convenio da praza de América desaparecen os aproveitamentos non lucrativos e se obtén exclusivamente cartos que se adica a outras cuestións pero é que vostedes tamén están a citar o Plan Estatal de Vivenda, o Plan Estatal de Vivenda no debate parlamentario se lle dixo, non só por Unidas Podemos, non só por Son en Común, se lle dixo pola PAE por moitas plataformas, volvía outra vez e ademais o dicía o Sr.

Antonio Aguilar, a única maneira de frear a suba do aluguer é construír máis vivenda, máis vivenda libre, recoñecíano ademais, á iniciativa privada e aumentar o stock de vivenda en construción cando temos case un millón, agora menos é certo, de vivendas non só en propiedade de bancos, por desgracia a SAREB en Vigo os activos non existen, vaise facer cun activo importante, un bloque de edificios de 140 vivendas na rúa Aragón porque non falamos coa SAREB que nos ceda unha parte dese bloque de edificios que leva “sine die” perdido alí dende a quebra de Vialmar, por que non falamos coa SAREB como fan moi concellos, oia desas vivendas por que non nos cedes ao Concello unha parte, o dereito de uso, dicíano moi ben o Bloque Nacionalista Galego, non estamos a falar da titularidade que sabemos que xuridicamente non se pode facer e que cando intentamos facer Esquerda Unida en Andalucía vostedes nos expulsaron do goberno, cando intentamos facer precisamente o dereito de uso a través da Consellería de Vivenda do goberno andaluz a Sra. Susana Díaz da que vostedes non se acordan pero eran xuligans, nos expulsou do goberno andaluz porque precisamente non quería recoñecer ese dereito público á utilizar esas vivendas e a nós nos gustaría tamén que no Plan Estatal de Vivenda por iso presentamos unha moción, se recoñecera o dereito de subsidación das hipotecas que teñen centos de veciños de Navia que estaban no anterior plan estatal e que se eliminou e non se recuperou, hai moita xente en Navia que se hipotecou porque tiña axudas directas dentro do Plan Estatal de Vivenda anterior, o anterior ao ano 2018; gustaríanos que ese dereito non caducara aos 5 anos e a moita xente lle está a supoñer 200 e douscentos e pico ou trescentos euros ao mes máis nalgúns casos dependendo da hipoteca subscrita e nos gustaría e por tamén presentamos unha emenda de engádeda que estivera tamén porque é unha reivindicación dunha parte importante da sociedade viguesa que se incorpore ao Plan Estatal de Vivenda, e a translación dos recursos en materia de vivenda xa sabemos cal é.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: Oíndolles falar e lendo a moción efectivamente vía o Plan Estatal de Vivenda 2018-2021 que ten este apartado para beneficiar as axudas ás persoas con escasos recursos e oíndolles tamén parecía que era un goberno progresista que se preocupaba efectivamente pola situación das persoas que máis o necesitan, o que é a aprobación deste Plan de Vivenda, é resulta que

non é así, resulta que este Plan Estatal de Vivenda aprobouse en marzo 2018 por un goberno do Sr. Rajoy, ou sexa que a señora concelleira de Política Social ven aquí a solicitar que as axudas do Sr. Rajoy as conceda o Sr. Feijóo, iso é ao que vides aquí, non está mal entre outras razóns porque nada do goberno central actual, tocar o asunto na Xunta de Galicia e ollo nada das competencias municipais en materia de política social señora concelleira, porque claro resulta que eu non sei se hai retraso ou non, dinme que xa se concederon estas axudas pero si é o atraso que teñen os servizos municipais á hora da valoración das axudas da RISGA e é o máis grande das sete cidade de Galicia, verdade que si? Verdade que ten máis de tres meses? Verdade que fai esperar máis de tres meses aos vigueses/as que piden a RISGA para facer a tramitación municipal? Iso é unha competencia municipal, non hai que instar ao Sr. Feijóo para que aprobe as axudas do Sr. Rajoy, o que hai que facer é traballar nas competencias que se teñen, dotar ao seu departamento dos recursos necesarios e traballar, non traer aquí moción para instar e se vostede necesita máis persoal traia aquí unha ampliación da RPT que é o que temos que facer, se necesitan máis persoal municipal traia, si pero levan 100 días e non trouxeron nada, curiosamente non vimos ningún asunto da súa concellería no Pleno, nin un, non trouxo ningún en 100 días, pois ao Pleno non veu nada e outra cousa máis, falando Sr. Font das competencias municipais hai información de xaneiro do 2009, os concellos galegos máis precarios en gasto social, Vigo adica 45 euros, é unha información de prensa non é un invento do voceiro do Partido Popular, imos a ver, Vigo está en 45 euros, información de xaneiro de 2007 por habitante en gasto social, Santiago de Compostela 54 euros, A Coruña 92 euros, iso tamén é un competencia do Pleno modificar o Orzamento e ampliar o Orzamento para gasto social, pero en tres meses, 100 días, aquí non vimos ningún expediente de ampliación de crédito, unha modificación de crédito, ou traer en gasto social, non vimos nada diso. Claro que si, un 60% o outro 40% queda na caixa Sr. Font, o dato é o que é non nos gusta e estou seguro que a vostedes non lles gusta tampouco e precisamente por iso falan das competencias da Xunta de Galicia e eluden falar das de vostedes porque saben perfectamente que non o están a facer ben e que poden mellorar e iso é o que nós lle pedimos aquí. E no tema de vivendas señora concelleira tamén podemos falar, e efectivamente hai vivendas protexidas que se están facendo nesta cidade, en

Pereiró, na Canicouva tamén en Cambeses perfecto, a vostede lle preocupa que non se cumpra o protocolo, a nós o que nos preocupa é que o Concello non xestione desenvolvementos urbanísticos para poder a disposición das administracións o solo para construír os equipamentos e iso tamén é unha competencia do Pleno, as competencias urbanísticas, Sr. Font, estamos a falar de política social ademais non necesita axuda, deféndese ben. Ten 1.600 vivendas protexidas pendentes de aprobación non Plan Parcial de Navia 1.600, non pete na porta da Xunta de Galicia, pete na porta da súa concellería, que traballen, incrementen os recursos e sobre todo, chame á porta da Sra. Caride a cal non lle interesa o debate da vivenda protexida porque non está neste momento e que traia ao Pleno o expediente de aprobación do Plan Parcial de Navia, 1.600 vivendas protexidas e outra cousa máis, claro que teñen competencias en promoción e xestión de vivenda pública, dálla a Lei do solo, e había vivendas públicas nesta cidade, as venderon para rescatar o Auditorio.

SRA. AGUIAR CASTRO: Sr. Pérez Iglesias, en primeiro lugar, dicirlle que podemos compartir de fondo moitas das afirmacións que fixo vostede en materia de vivenda pública protexida, igual que co grupo Mixto, pero voulle dicir unha cousa cando fala vostede das carencias en materia de política social deste Concello téñolle que lembrar que este Concello dende o ano 2007 incrementou nun 280% o seu orzamento en política social, 280%, xestionamos en materia de política social máis de 52 millóns de euros en áreas transversais que fan política social.

Con respecto á emenda, as dúas emendas que presentan tanto o concelleiro non adscrito como o grupo Mixto, dicirlles que non as imos aceptar porque o noso grupo insiste no argumentario da moción que temos presentado, esiximos da Xunta de Galicia que exerza as competencias propias en materia de promoción pública de vivenda pública protexida e por iso queremos que executen as súas competencias, entendemos que están a facer un absoluto desleixo das súas funcións e nunha situación dramática, concretamente en Vigo.

Sr. Marnotes, voulle dicir unha cousa, a súa política pública de vivenda do Partido Popular é un auténtico fiasco, primeiro porque non existe e segundo que as poucas medidas que puxeron en marcha foron un auténtico fracaso, mire, no programa de Vivendas Baleiras da Xunta de Galicia, ese famoso programa que presentaron

vostedes hai tres anos, sabe vostedes cantas vivendas mobilizaron e puxeron no mercado neses tres anos? 20 e das 20 non adxudicaron nin a metade, sabe cal é o nivel de execución orzamentaria dese programa? No ano 2017 o 3,71%, no ano 2018 o 5%, unha marabilla. Mire, hai máis de 300.000 vivendas baleiras en Galicia, mais de 300.000 e vostedes en tres anos, 20, das que non adxudicaron nin a metade.

Mire, cando fala da miña concellería, do meu orzamento, do meu persoal e a cantos recursos destina o Concello de Vigo a política social, vólvolle a reiterar o dato, coa Sra. Porro, 2007, nós en este período 280% máis de orzamento, 52 millóns de euros en política social, sen embargo vostede fala dos periódicos, mire, con todo o respecto para os medios de comunicación, pero sería convite que vostede como cargo institucional manexara como mínimo datos oficiais, sabe que é isto? Isto son datos oficiais, e sabe o que din os datos oficiais? Que vostedes dende que gobernan en Galicia, dende o ano 2009 recortaron 300 millóns de euros en política social, 300 millóns de euros, esta é a tarxeta de presentación do Partido Popular.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira, por ausencia do Presidente)

VOTACIÓN: Con dezaseis votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gomez Días, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, cinco abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, e mais dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e un voto en contra do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 19.09.2019 (Rex. Nº 2180/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Aguiar Castro, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

7(170).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A QUE ABANDONE A SÚA PRETENSIÓN DE RECADAR UN CANON DE REGULARIZACIÓN NA PRESA DE EIRAS DESDE 2014 AO CONCELLO DE VIGO POR UN SERVIZO QUE NON REALIZA. REXISTRO PLENO 2181/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 19 de setembro de 2019, número 2181/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Pardo Espiñeira, formula a seguinte,

MOCIÓN

“A Xunta de Galicia ven reclamando deste Concello de Vigo, en sucesivos escritos o pago do canon de regulación na presa de Eiras dende o ano 2014

Esta Administración municipal ven opoñendo ao pago do dito canon de regulación nos sucesivos escritos de contestación aos ditos requirimentos por diversas razóns, principalmente que é o Concello de Vigo, a través da súa concesionaria, quen ten asumida a explotación, conservación, mantemento do encoro de Eiras, e non Augas de Galicia, o que exclúe o devengo do canon por inexistencia do feito impoñible.

Á vista da mero afán recaudatorio da Xunta de Galicia en prexuízo dos cidadáns de Vigo por un servizo que non lle supón ningún custo, e polo que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte:

ACORDO

Instar á Xunta de Galicia que se abandone a súa pretensión de recaudar un canon de regularización na presa de Eiras desde 2014 ao Concello de Vigo por un servizo que non realiza.”

DEBATE:

SR. PARDO ESPIÑEIRA: Augas de Galicia ven reclamando do Concello de Vigo dende o ano 2014, o pago do canón de regulación, o importe medio das cantidades que ven reclamando o Concello de Vigo é de ao redor de 660.000 euros por dito concepto e por ano. Augas de Galicia sostén que o Concello de Vigo está obrigado a pagar este canón por canto a obra do encoiro de Eiras foi financiada parcialmente por dita administración hidráulica, pero tamén e sobre todo é a reclamación de Augas de Galicia baséase e sobre todo en que Augas de Galicia sostén que é a que explota o embalse de Eiras, afirmando que as actuacións que no embalse de Eiras fai a concesionaria do servizo municipal de augas son actuacións mínimas de moi escasa contía. O certo é que no ano 1962 por unha Orde Ministerial se lle outorgou ao Concello de Vigo unha concesión de augas no río Oitaven, para o abastecemento da cidade mediante a creación dun encoiro regulador no lugar de Eiras, con destino á ampliación do abastecemento da cidade. Para a execución do embalse o Concello de Vigo, previa compra dunha concesión de aproveitamento hidroeléctrico existente no río, por importe de 21 millóns de pesetas, daquela, 126.000 euros, foi o Concello de Vigo o que fixo fronte ao xustoprezos dos terreos expropiados por un importe de 800.000 euros de agora, que eran 135 millóns de pesetas daquel ano. O importe da execución da obra ascendeu a 1.989.000 euros, que son uns 330 millóns de pesetas de aqueles anos, é dicir, o 73% do total destas obras foron satisfeitos con cargo aos recursos municipais de Vigo e o resto asumíunos a Confederación Hidrográfica do Norte de España. No Plan de Emerxencias da presa de Eiras en canto a explotación do encoro que é onde se basea a reclamación de Augas de Galicia se precisa que salvo unha persoa é, o Plan de Emerxencia de Eiras da Xunta de Galicia de Augas de Galicia, que salvo unha persoa que é o director de explotación ou xefe de unidades operativas de explotación, os vixiantes, oficial electricista, oficial de mantemento, son traballadores do Servizo de Augas de Vigo, da UTE FCC Aqualia e Augas de Galicia como lle dicía ten unha persoa unicamente e o resto das labores as mantén, en canto a gastos en persoal, enerxía eléctrica, mantementos de equipos, obra civil, combustibles, control e calidade das augas, todo o fai a concesionaria do Servizo de Augas de Vigo, e o único que asume Augas de Galicia, a Xunta de Galicia é o custe de persoal correspondente ao xefe de Servizo de Execución e Planificación

que por certo, tamén é para os tres outros encoros de Eiras, Bayona e Con, iso cun custe de 180.000 euros.

En definitiva, resulta con toda claridade que é o Concello de Vigo, a través da súa concesionaria de Augas o que ten asumida a explotación, conservación e mantemento do encoro de Eiras, e non Augas de Galicia que a través de dita concesionaria é o Concello quen soporta salvo a auscultación do encoro, por certo informe que ten pedido este concello de xeito repetitivo, salvo esa auscultación a totalidade dos gastos que implica a explotación e conservación da presa os executa o Concello de Vigo, por medio da súa concesionaria, e doutra parte a cantidade dos custos soportados polo Concello de Vigo para a execución da presa e obtención dos terreos foi por importe de 1.168.000 euros, ademais de que as obras executadas por Augas de Galicia nas que esta fundamenta a súa reclamación son obras de mellora que non eran necesarias nin sequera e que non foron solicitadas polo Concello de Vigo que é un dos orzamentos necesarios para que se proceda a taxa do pago que tratamos.

SR. PÉREZ IGLESIAS: Estamos a falar dunha cuestión que atinxe a algo tan importante como é o abastecemento de auga da cidade e nese sentido o primeiro que queremos pedir dende o Bloque Nacionalista Galego é que se cadra é destas cuestións de cidade que merecen, non que se aparten do debate político senón que en todo caso se eviten as tentacións partidistas porque vimos durante os últimos meses asistindo a un espectáculo moi pouco edificante a este respecto. Agora a cuestión que motiva a moción que vai contar co apoio do Bloque Nacionalista Galego é unha reclamación por parte da Xunta de Galicia dun canón e o Concello de Vigo como ben acaba de expresar o concelleiro que promove a moción alega que é a propia administración municipal quen asume a xestión na súa practica totalidade e os custes do mantemento de Eiras, a Xunta de Galicia efectivamente contrapón que asume outras cuestións, dende logo resulta estarrecedor que dúas administracións non sexan capaces de clarificar esta cuestión e se non é pola vía ordinaria que sexa pola vía do contencioso, se non son capaces de poñerse de acordo en que fai cada quen, quen paga cada quen e a quen corresponde, que se dirima noutra instancia pero é moi pouco edificante.

Pero o certo é que as viguesas/es xa pagamos un canón, nun recibo da auga que a propósito é dos máis caros de Galicia e dos máis caros de todo o Estado e polo tanto, nós dende logo somos contrarios a que se impoña un novo repagamento que ademais é evidente que a Xunta de Galicia non foi capaz de substanciar nin de fundamentar para xustificar que se xire ese cargo que non é que pague o Concello de Vigo, que pagaremos pois tódalas viguesas/es e por último, modifiquen o recibo da auga, apliquen o acordo reiterado deste Pleno, apliquen e executen o acordado entre o seu grupo e o Bloque Nacionalista Galego en reiterados acordos orzamentarios e modifiquen o recibo da auga para que as viguesas/es non sigamos pagando por auga que non consumimos.

SRA. MÉNDEZ FUENTES: Estamos efectivamente ante o xa clásico tirapuxa digamos, a clásica lea entre o Partido Popular que quere personificar os intereses de Galicia e o Concello de Vigo que di colocar por diante os intereses dos vigueses, pois nin intereses de Galicia nin intereses dos vigueses/as, desta moción non se colocan por diante as necesidades e as urxencias do 99% porque do que esta moción trata no fondo é da prórroga da xestión da auga que está a piques de rematar e polo tanto, o que subxace non é outra cousa que o grande negocio da auga.

No que respecta ao canón de regularización da presa de Eiras é sorprendente que vostedes, de quen se agarda exerzan como un goberno rigoroso fagan apoloxía da débeda con outra administración, neste caso Augas de Galicia, non estamos de acordo co sistema de privatización que se agocha tras do modelo de Augas de Galicia e denunciámos que non se contemplan cláusulas de tipo ambiental e social, non obstante o PSOE de Vigo ou o PSdeG nin levou adiante iniciativa ningunha para reverter ese modelo nin tampouco está a cumprir coa súas obrigas legais como si fan o resto de concellos de Galicia.

Sobre a cuestión da auga para Marea de Vigo en primeiro lugar debería normalizarse o acceso dos grupos municipais do tecido asociativo así como das persoas interesadas, os traballos e as actas das xuntanzas, dos comités técnicos que están avaliando a nova concesión da auga como tamén a do transporte porque non queremos nin en base ao principio de participación democrática temos porque atoparnos un traballo xa definitivo sobre un modelo concesional que

previsiblemente será coincidente cos intereses das empresas privadas que opten xestión dos servizos, en concreto Aqualia, e non coas necesidades do 99% da cidadanía de Vigo porque dende que o ladrillo e a recualificación entraron en crise, non foron poucos os concellos que viron na privatización do saneamento do abastecemento da auga unha vía fácil e cómoda para o seu propio financiamento, xa que se realiza mediante un canón concesional, non obstante a privatización do servizo é un paso cara a mercantilización do recurso, procurando facer negocio dun dereito básico do cal depende a nosa supervivencia, busca a máxima rendabilidade e beneficio, de xeito que se coloca nun segundo plano a sustentabilidade e a seguridade do propio sistema, ademais de xerar un monopolio en detrimento do tecido produtivo local. Por iso para un goberno local que queira profundizar na democracia, coidar da súa comunidade, elevar con orgullo o apelido socialista existe outra vía, anunciámoslla, a municipalización, trátase dun modelo que recoñeza o dereito humano ó abastecemento de auga no que o abastecemento e o saneamento sexan universais e se realicen de forma igualitaria, respondendo a criterios que esixan calidade e accesibilidade sen comprometer outros dereitos básicos; non falamos de utopías, senón dun debate que se está a dar en cidades como Barcelona, Berlín, París ou Setúbal, tampouco falamos dunha irrealidade cando lembramos que o Xulgado do Contencioso Administrativo número 1 da cidade de Vigo ratificou a sanción que lle impuxo á consellería de Sanidade ao goberno local por incumprimentos reiterados no control da calidade da auga para consumo humano, e que o maxistrado confirmou a comisión de catro infraccións, tres de carácter grave e unha leve, a ausencia de certificación do laboratorio municipal, falla de determinación de metais nas análíticas do control, ausencia de notificación á autoridade sanitaria dos supostos constatados de auga non apta para o consumo e por último non subministrar os datos ao Sistema de Información Nacional de Augas de Consumo, 2019 ten que ser o ano da reversión ao público da xestión e do saneamento da auga na nosa cidade, así como dunha mudanza no sistema tarifario que efectivamente lastra as economías das familias viguesas dende hai case 30 anos porque a perda da empresa pública Emavisa é unha perda patrimonial e social que agora se fai imprescindible e urxente recuperar, hai alternativa, lembren que son os gobernos neoliberais e non os socialistas quen dende os anos 80 erguen a bandeira do

“There’s not alternative” de Margaret Thatcher, temos a oportunidade de dar un debate aberto e maduro nesta cidade sobre a xestión da auga, a oportunidade de evitar que o recibo da auga dos vigueses/as continúe aumentando varias veces por enriba do IPC, a oportunidade de garantir un consumo mínimo gratuíto, de aplicar cláusulas sociais que garantan que ninguén, ningún vigués/as quede sen acceso a un dereito fundamental, a defensa dos intereses das vigueses/as está aí e non nos fogos de artificios. Tócalles a vostedes dicir de que lado están no grande negocio da auga.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: É defensor da moción porque chegamos a un grado de confusión neste Pleno que non só estamos aquí celebrando o debate do estado de autonomía, en ausencia de moitos dos concelleiros/as, do propio Alcalde e dalgún tenente de Alcalde, senón que ademais preside o Pleno e defende a moción, é créame Sr. Pardo que creo que preside o Pleno con acerto e dignidade e nese senso paréceme ben que o faga, non teño ningún problema, a min o que me parece mal é que dende o Pleno, dende a Presidencia se adique a defender as mocións do goberno, a contestar e a dar os tempos, tres minutos, dous minutos, que grao de obxectividade imos ter aquí, pero constato Sr. Pardo unha situación, o Presidente do Pleno, en ausencia do Alcalde, está a defender unha moción, está a darnos os tempos, perfecto, eu o constato, a este punto chegamos aquí, unha moción contra a Xunta de Galicia e agora imos a falar.

Imos a ver, vostede pensa que nós imos a crer que os cidadáns/ás van a crer que tendo o mantemento da presa a Xunta de Galicia, a concesionaria está a facer gastos aí que non lle corresponden, vostede cree que imos a crer iso? Se é así e se o Concello está facendo realmente o mantemento teñen dende o mes de xuño un convenio enriba da mesa para que efectivamente o mantemento o faga efectivamente o Concello e deixar de pagar esa taxa, por que non o fan? Sr. Pardo, mire, eu non vou a entrar en ningún debate, eu penso que efectivamente o servizo hai se efectúa un prego, hai unha concesionaria, non hai problema ningún pero mire, que a concesionaria estea a pagar gastos que ten que pagar a Xunta de Galicia, iso non o cree ninguén. A taxa de regulación que se lle está pasando ao Concello de Vigo a ten que pagar o Concello, porque dio a Lei e porque ademais o Concello cobra pola abastecemento de auga aos veciños por un mantemento que

fai a Xunta de Galicia, que é a que se encarga de conservar o encoiro de Eiras en bo estado, inspecciona, controla a calidade das augas, fai e cambia o que hai que cambiar, non o fai a concesionaria, só fallaría, Aqualia cada vez que ten un problema chama a Aupas de Galicia, a esta se encarga, que é o que ten facer, Aqualia non vai facer un mantemento que o Concello non lle paga, ou si? Está facendo Aqualia o mantemento? Pois déanlla, asinen o convenio porque tampouco é moi regular iso que haxa unha empresa municipal que estea asumindo cousas que non ten que asumir, porque o certo é o canón se recada, efectivamente unha concesionaria, rectifico. A Lei prevé que a administración hidráulica repercuta os gastos ao titular do sistema, non aos usuarios iso xa o fai o Concello, o Concello nos pon no recibo, nos repercute esa taxa, a Xunta de Galicia lle cobra a taxa aos concellos que son titulares do abastecemento, neste caso a Vigo, pero non lle cobra nada a Moaña, nin a Cangas, nin a Redondela, nin a O Porriño pero o concesionario Aqualia si lles cobra unha taxa a estes concellos, é o Concello de Vigo quen llos cobra non a Xunta de Galicia, a Xunta de Galicia lles remitiu ese convenio para que se asuma o mantemento, que se faga, non dende hai meses, dende hai anos a posibilidade de pasar a ter a titularidade da xestión e do mantemento do encoro, é así de sinxelo, a taxa de regulación está na lei, o Concello lles cobra aos veciños por un mantemento que realmente non fai porque faino a Xunta de Galicia e queda coa taxa, co importe pois iso non pode ser, terán vostedes que asinar ese convenio, que asumir ese mantemento que din que fan e deixar de cobrar esa taxa, ou é que imos a repercutir nos veciños, onde van eses cartos? Se se recadan é a Xunta de Galicia non os cobra a onde van? Sabemos que non van a concesionaria non estou insinuando iso, pero a onde van? Iso habería que corrixilo e iso é o que se debe facer e non facer demagogia, e outra cousa máis, asuma o mantemento do encoro e se acabou o problema pero unha parte do problema, porque logo hai outra cousa que é tamén competencia municipal que é a potabilizadora do Casal é nosa, a potabilizadora ten e o sabemos todos e vostedes sábeno está obsoleta, advertiuse xa no ano 14 que había que facer unha reforma e un investimento e haberá que facelo, ou é que só poden potabilizar a auga cando ven limpa, cando o encoro baixa do 40% non pode potabilizar? Home, isto é unha cidade importante, estamos no século XXI, haberá que facer os investimentos que haxa que facer, xa sei que me van a dicir que os faga a Xunta

de Galicia, home, asuman as competencias que teñen dalgunha vez, traian algunha vez un expediente aquí de interese aos cidadás é o que digo, que asuman o mantemento, deixen de cobrar a taxa e arranxen a potabilizadora.

SR. PARDO ESPIÑEIRA: Para rematar, mire, vou comezar falándolle da potabilizadora, sabe cal é o problema da auga nesta cidade? O problema da auga é que o Partido Popular quere meter presión e a forma que ten o que non lle dan as urnas quere sacalo dese xeito, é a forma que queren, e a quen están a incordiar son aos cidadáns, a potabilizadora se a Xunta de Galicia colaborara, axudara e participara na potabilizadora de Vigo como fixo noutras localidades e outros pobos de Galicia, con millóns de euros de investimentos, con moitos menos habitantes, pero mire, o que é real é que Aqualia, a concesionaria da auga de Vigo, gástase unha media de case 450.000 euros anuais no mantemento da presa do encoiro de Eiras, en persoal, en enerxía eléctrica, en mantemento de equipos electromecánicos, en obra civil, en combustible, en control de calidade das augas, a Xunta de Galicia, Augas de Galicia ten unha persoa, o director de explotación, todo o resto das labores fainas o persoal de Aqualia, esa é a realidade, pero o problema da auga ven de anos atrás, dende 2013, había un acordo para facer un transvase, para unha captación de auga do río Verdugo, o Concello comprometeuse a financiar, ese é o problema, o problema real é encher de auga o encoro, ese é o problema, o que hai que facer, o Concello de Vigo ofreceuse a pagar a totalidade do transvase, foi o Concello o que tivo que acudir ao ministerio e viu o secretario do Estado para que se iniciara a sinatura do convenio para estudo de implantación da captación, porque a Xunta de Galicia non facía nada, leva anos o Alcalde de Vigo dirixíndose a Xunta de Galicia para que fale co Concello do caudal ecolóxico, non se da conta de que nas épocas de seca o Concello dille á Xunta de Galicia que reduza o caudal ecolóxico porque verte máis augas a presa da que capta, en épocas de seca, esta é a realidade, o que a Xunta de Galicia está a facer agora é legislar para quitarse competencias e botar responsabilidades aos concellos, como? Cobrando canóns, iso é o que quere facer, a Lei de seca está feita para premer aos concellos a establecer novos canóns, esa é realidade, séntense co Concello, asinen ou fagan ou deixen facer a captación de

augas do Verdugo, iso é o que teñen que facer, o Concello é capaz de asumir e de dar o tratamento ás augas.

Mire, señor do Bloque Nacionalista Galego, voulle clarexar que tentacións partidistas ningunhas, Sr. Pérez Iglesias, non hai tentacións partidistas, a Lei de Augas xa fala de cooperación e de lealdade entre administracións. Señora do grupo Mixto, mire, era o que me faltaba de verdade recibir leccións agora de política dun grupo que o único que fixo foi despois das eleccións dicir que os vigueses se equivocaran no voto, esa é a realidade do que vostedes fan gala, esa é a realidade do que fixeron, vostedes dixeron que non sabían o que votaban e a remunicipalización con que? Co que fixeron vostedes en tódolos concellos que gobernaron? Esa é a remunicipalización? Leccións as xustas non se equivoquen, a xente sabe o que vota, e hai 4 meses que se votou, ou sexa que leccións non, leccións as xustas, non se equivoque.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira, por ausencia do Presidente)

VOTACIÓN: Con dezaseis votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gomez Días, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, e mais do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, dúas abstencións dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e tres votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 19.09.2019 (Rex. Nº 2181/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Pardo Espiñeira, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

PARTE DE CONTROL

8(171).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA. EXPTE. 651/1102 (REXISTRO PLENO 2185/1101).

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións da Alcaldía incluídas no expediente 651/1102.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

9(172).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS. EXPTE. 652/1102 (REXISTRO PLENO 2186/1101).

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións dos concelleiros delegados incluídas no expediente 652/1102.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

MOCIÓNS.

10(173).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL A REDACTAR E TRAMITAR AS MODIFICACIÓNS PUNTUAIS DO PXOM VIXENTE PARA EXECUTAR OS PROXECTOS DO PAVILLÓN DE MATAMÁ E O ACCESO AO COLEXIO PÁRROCO

DON CAMILO E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. REXISTRO PLENO 2182/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 19 de setembro de 2019, número 2182/1101, o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Marnotes González, formula a seguinte,

MOCIÓN

“O Alcalde de Vigo leva meses nunha estratexia electoralista de atacar e buscar a confrontación con outras administracións.

O Alcalde está instalado permanentemente nun discurso grandilocuente, esaxerado ata o ridículo que o único que consegue é illar á cidade. A xestión reséntese porque non se exercitan plenamente as competencias municipais nunha actitude irresponsable de querer trasladar o problema a outros.

Denunciamos xa en múltiples ocasións que o Alcalde non xestiona e dedícase a enviar cartas de reclamación a todas as administracións menos ás gobernadas polo PSOE.

E recentemente acabamos de coñecer que a maior parte das reclamacións que realiza dependen de xestións que debe realizar o Concello, pero que non as fai para tratar de culpabilizar a outros.

Ese comportamento é prexudicial para a cidade e é preciso poñer os medios para implantar medidas e infraestruturas que dependen en gran medida do propio Concello.

Esta actitude é particularmente dolorosa nos servizos sociais, xa que en Vigo hai 2.256 persoas beneficiarias da Renda de Inserción Social de Galicia, case o dobre das que ten A Coruña. E o Concello tarda máis de tres meses en atendelas. É o tempo de espera máis grande de todas as cidades galegas, máis de 3 meses, que contrasta cos 80 días da Coruña ou os 55 de Santiago.

A resposta do Concello é que se faga cargo a Xunta de Galicia, pero Vigo ten competencias exclusivas en materia de política social. Dállas a Lei de Servizos Sociais de Galicia, aprobada no 2008, toda a normativa que desenvolve esa norma. Trátase de competencias que as leis de réxime local recoñecen e respectan e deben de exercitarse de maneira seria e decidida para atender ás persoas máis vulnerables.

Ocorre tamén coa necesidade de implantar infraestruturas e equipamentos na cidade que non é posible facer pola anulación do PXOM, pero o Concello ten competencias urbanísticas exclusivas e pode e debe facer as adaptacións no PXOM

que sexan precisas para dotarnos de chan industrial, equipamentos deportivos ou mellores accesos ou viarios.

De acordo ao exposto, propoñemos ao Pleno que acorde instar o goberno municipal a:

- Redactar e tramitar as modificacións puntuais do PXOM vixente para executar os proxectos do Pavillón de Matamá e o acceso ao Colexio Párroco Don Camilo tal e como se fai co Barrio do Cura.
- Redactar e tramitar as modificacións puntuais do PXOM vixente necesarias para ampliar o chan industrial da cidade
- Redactar e tramitar a modificación puntual do PXOM vixente que permita a reforma completa das Pistas de Balaídos
- Expropiar as edificacións no Casco Vello que non foi posible adquirir por compravenda: Ferrería 1, Abeleira Menéndez 14, San Sebastián 20 e Subida ao Castelo 9 e 41.
- Traer ao Pleno para a súa aprobación definitiva o Plan Parcial que permita a ampliación de Navia.
- Poñer ao dispor da administración autonómica os terreos necesarios para a construción dun novo Instituto en Navia.
- Redactar un proxecto de reforma e mellora do paseo do Río Lagares.
- Exercer plenamente as competencias en servizos sociais básicos en los términos acordados coa FEGAMP.
- Acometer melloras na potabilizadora de Casal que permitan tratar a auga aínda cando o caudal de Eiras baixe do 40%.”

DEBATE:

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: Sr. Presidente, lamento moito que vostede tivera que facer aquí o papel de defender unha moción do goberno e estender no tempo que non lle da aos grupos e que non lle deu aos grupos políticos, láméntoo moito. Dito isto, levamos 100 días de oposición á Xunta de Galicia, levamos 4 Plenos de debate ao estado de autonomía, e non traemos ao Pleno os expedientes que hai que traer cunha excepción, o impuestazo, iso si que o trouxemos, trouxemos o impuestazo aquí e a ordenación provisional que lle aprobou a Xunta de Galicia iso

é o que fixemos aquí, o resto do tempo moción tras moción, convertendo o Pleno nun espectáculo e nun debate de estado da autonomía permanente, por que? Porque hai unha estratexia política, unha estratexia de confrontación electoral pero a desgracia é que os temas que realmente son de interese municipal non se traen ao Pleno, se pide que o resolvan outras administracións, ou ao menos unha delas porque a do Sr. Pedro Sánchez non lle pedimos nada, ahí calamos como petos, non hai carta, as cartas se lle envían ao Sr. Feijóo para que faga, pero para que faga que? Imos a falar agora do que hai que falar aquí en Vigo, imos a falar do que hai que facer en Vigo porque en Vigo temos competencias urbanísticas, tenas o Pleno, en Vigo hai competencias de asuntos sociais, tenas o Concello, tenas o Pleno, en Vigo hai competencias en educación, tenas o Pleno tamén, xa denunciámos en múltiples ocasións que o Alcalde non xestiona, non se está a xestionar, estase a falar, estanse a facer declaracións, estanse enviando cartas, fanse reclamacións pero os problemas non se arranxan, é un comportamento prexudicial para a cidade, é preciso poñer os medios para implantar medidas e infraestruturas que dependen en gran medida do propio Concello e esa aptitude de confrontación, de reivindicación permanente é particularmente dolorosa, xa llo dixen nos servizos sociais, porque falábamos de 2.250 persoas beneficiadas da renda de inclusión social de Galicia, e falábamos tamén que teñen os solicitantes da RISGA o tempo de espera máis grande de toda Galicia, haberá que poñer fin a iso, pois haberá que poñer persoal e tramitar, iso non é escusa, somos a cidade máis grande de Galicia Sra. Aguiar, somos a cidade máis grande de Galicia e por suposto os problemas que hai aquí hai que resolvelos e non lle botar a culpa aos demais, hai que tramitar. A resposta tena que dar o Concello que ten competencias en servizos sociais básicos, xa os está a facer pero ten que incrementar a intensidade e o esforzo, non pode ser que as persoas esperen máis de 3 meses.

Esas competencias están na lei de servizos sociais que aprobou un goberno que non era un goberno do Partido Popular, esa normativa é a que lle da competencias a vostedes e se as ten, exerzanas, fagan o seu traballo, competencias que as leis respectan, tamén ocorre coa necesidade de implantar infraestruturas e equipamentos que non é posible facelos por unha razón fundamental, o elefante na sala ao que ninguén mira, é que non temos PXOM que se anulou e despois de 100 días de goberno aquí non hai ningún papel, sobre o PXOM non sabemos nada,

xa temos o instrumento de ordenación provisional aprobado, a conta atrás xa empezou, e agora que? De acordo co exposto nos queremos que se fagan cousas porque se hai que facer o pavillón de Matamá pois fagamos unha modificación puntual no Plan Xeral e se queremos dar un acceso ao Párroco Don Camilo no colexio pois modifiquemos puntualmente o Plan Xeral, como estamos a facer noutros ámbitos, por que non redactamos e tramitamos as modificacións puntuais do PXOM necesarias para ampliar o chan industrial da cidade? Fíxemolo co solo comercial e terciario, nos parece ben, votamos a favor, por que non facemos co solo industrial tamén? Por que non tramitamos a modificación puntual do PXOM que permita xa reformar as pistas de Balaídos? Temos competencias, hai que facelo, o que non podemos facer é estar instalados nunha lea permanente de confrontación que non conduce a nada, toda esta relación de expedientes que traio aquí efectivamente van nunha moción pero podían perfectamente ser expedientes de tramitación municipal e vir aquí e non ter un Pleno baleiro de contido, é que teño que dicilo outra vez, non pode ser que non se traian expedientes ao Pleno, non pode ser, neste Pleno temos visto de todo, pero non vimos ningún expediente.

Quérolle dicir que temos visto de todo, o Alcalde veu sacou a foto e se foi, o presidente do Pleno defende as mocións.

SR. PÉREZ IGLESIAS: Eu teño que principiar por facer un chamado a que se reflexione colectivamente porque hai determinadas dinámicas que se están a reproducir no Pleno e que vemos que van nun incremento dende o inicio deste mandato que son moi pouco edificantes e non é que nos faltemos ao respecto as distintas forzas políticas que representamos ó conxunto da cidadanía ou que aburramos aos medios de comunicación ou ao pouco público asistente, é que lles estamos faltando o respecto á cidade, creo que era bo manter un mínimo de respecto institucional ao Pleno que ten que respectar a vontade de todos/as vigueses por todas as partes, tamén no uso que se fai das atribucións regulamentarias.

Ben, assistimos a unha moción todo en un, eu dende logo é para felicitar ao Partido Popular, pensei que eu confinado nese réxime de recorte era o único que tiña que optimizar tempos e recursos vexo que o Partido Popular tamén se está afanando,

mais o fondo desta moción é este permanente pin, pan, pun, no que está instalada a política municipal da cidade e do que eu creo que en grande medida xa foi exemplo esta lamentable sesión plenaria, nesa lea permanente Sr. Feijóo, Sr. Caballero onde eu creo que o Partido Popular hai unha cuestión que aínda non entendeu que ao mellor activo electoral do Partido Socialista en Vigo non é o Sr. Caballero, é o Sr. Feijóo, ese é o mellor activo electoral do Partido Socialista, e o Partido Popular por iso, en lugar de nomear unicamente unha delegada da Xunta de Galicia ten tamén 4, hoxe 3 presenciais, adxuntos á delegación da Xunta de Galicia en Vigo para defender sistematicamente o indefendible. Hai dúas, tres cuestións desta moción que dende logo nos impiden poder apoiala, en primeiro lugar, o Plan Parcial de Navia onde a Xunta de Galicia non atendeu as alegacións veciñais, en segundo lugar, que hai que ter valor para vir traer aquí unha cuestión alusiva ao Instituto de Navia, hai que ter tamén moito valor por parte do grupo do Partido Popular, pero hai unha terceira que para nós é moi preocupante que se nos queira facer que o Concello de Vigo asumamos as plenas competencias de servizos sociais e os recursos quen os asume, quen os transfire? Por iso dende logo o Bloque Nacionalista Galego non imos contribuír a este permanente pin, pan, pun, e dende logo non imos apoiar a moción do Partido Popular.

SR. PÉREZ CORREA: Evidentemente esta moción omnibus que fai o Partido Popular que fala de todo pero non concreta practicamente nada, hai dúas cuestións que a nós nos parecen, sobre todo o que ven na moción que hai reflexionar, e primeiro, se hai algún culpable de certa improvisación no urbanismo vigués, é a Xunta de Galicia que permite cousas como a ordenación provisional, que permite cousas que son parches sobre unha cousa que tiña que facerse dende o primeiro momento da anulación, anulación xurídica do Plan Xeral que era redactar un novo Plan, se naquela altura a Xunta de Galicia non se puxera en colaboración absoluta para seguir improvisando sobre a cuestión de ter un novo planeamento ademais adaptado a nova Lei do solo pois non habería este problema, polo tanto, sobre o urbanismo e as súas batallas sobre o urbanismo que ao final non conducen a nada, pois nós xa dixemos a nosa posición tanto na aprobación da ordenación provisional, en tanto tamén como entendíamos que tiña que abordarse as modificacións puntuais que se queiran facer sobre o Plan Xeral do 93 actualmente

vixente, pero si que a nós tamén a cuestión dos servizos sociais nos sangra porque a min me gustaría que o Partido Popular explicara como o Concello de Vigo pode contratar ou abrir prazas de traballadoras sociais coa taxa de reposición e cos criterios dos gobernos do Partido Popular que hoxe só permiten liquidar 45 prazas das OPEs que non se puideron sacar no seu día, cando a taxa de reposición era cero, e estamos a falar do director do MARCO, estamos a falar dun psicólogo do Cedro, estamos a falar dos profesores da EMAO, houbo que liquidar, contra o noso criterio, pero houbo que liquidar 45 prazas para poder sacar 7 prazas de traballadora social, a min me gusta cando o Partido Popular reclama isto que diga de onde se saca, porque a penalidade que arrastra a Oferta Pública de Emprego e a relación de postos de traballo deste Concello, son os anos do Partido Popular que non se puideron dotar de cadro de persoal, e tamén o debate permanente, se paga a RISGA a Xunta de Galicia, por que a xestión administrativa a teñen que facer os concellos, hai que resolver iso, hai que resolver que os concellos, por que Vigo ten máis trámites? Home, porque é a cidade máis empobrecida de Galicia a pesares de que o Sr. Caballero non o queira recoñecer, pero xa llo din as organizacións sociais e xa o di os criterios estadísticos do Instituto Nacional de Estadística que din que é dos barrios máis pobres do estado español, un deles é o Calvario, e que os niveis de renda nesta cidade, a pobreza infantil e a exclusión social avanza galopantemente, ten o Concello a capacidade de solventalo? Pois posiblemente non na súa totalidade, pero dende logo si a Xunta de Galicia que recada 4 euros fronte a un euro deses 4 que xestiona o Concello de Vigo e é unha evidencia que os servizos sociais, que a Xunta de Galicia descarga sobre os concellos a responsabilidade de servizos sociais cando os concellos non recadan para iso, e os tres partidos, claro que si, salvo o ano pasado non houbo certa confrontación na FEMP pero si houbo sempre un consenso en reclamar o terzo da participación nos impostos, un terzo recada o Estado, un terzo recada as comunidades autónomas e outro terzo recadaría os concellos precisamente para poder asumir as competencias propias e as impropias que son o 40% do Orzamento municipal e competencias impropias seguramente son moitas en materia de servizos sociais pero competencias impropias son as becas de inglés e direi moitas veces que non se pode estar chorando determinados recursos en materia de política social e dicir que as becas de inglés son unha competencia municipal porque exactamente é

impropio pagar determinados servizos públicos que deberían ser doutras administracións, como as famosas bolsas de inglés, e o digo polas bolsas de inglés polo importe económico que supera o millón de euros.

Entón aquí o Partido Popular introduce un debate, fallan traballadores sociais, fallan recursos municipais, a maior parte da perda de poder contratar e de ter cadros de persoal dimensionados, foi nos gobernos do Partido Popular pero tamén nos prometeu o Partido Socialista aos grupos do Congreso dos Deputados que ía haber un incremento dos cadros municipais, que os criterios de estabilidade e sostibilidade das administracións públicas, impostos polo Sr. Montoro e polo Partido Popular se ían a emendar e home, vostedes din que cun novo goberno se solucionan, cun novo goberno sempre e cando ese goberno non estea monotorizado por Ciudadanos, porque vostedes asinaron un acordo con Ciudadanos que foi o que motivou que Unidas Podemos non lle dera o apoio e nese apoio si que aparecía dunha maneira clara, nese apoio de Ciudadanos que de acabar con iso que estrangula aos concellos e acabar coa posibilidade desa lei que impide incrementar os cadros de persoal municipais nada de nada, polo tanto vostedes tamén terán que decidir se queren un apoio leal das forzas progresistas ou de Ciudadanos, hoxe xa escoitábamos algún dirixente dalgún partido Socialista dicindo que o normal é que a social democracia e os liberais se entendan en toda Europa, acábano de dicilo o Sr. Óscar Puente.

SRA. CARIDE ESTÉVEZ: Sr. Marnotes, hoxe comezou vostede o día, pois non sei, alporizado e a verdade é que esta moción pois non deixa de ser un reflexo máis da súa situación de incomodidade neste Pleno, o sorprendente é que nesta mistura de cousas que propón nesta moción non propoña vostede, pois non sei, que o Concello de Vigo resolva os problemas de atención primaria por exemplo, porque claro tendo en conta que a Xunta de Galicia non fai nada, eu entendo que vostedes mesmos reclamen que o Concello de Vigo incluso atenda aquela competencias exclusivas da Xunta de Galicia, porque claro afirmar que o Concello de Vigo ten competencias exclusivas en materia de política social, é que despois de describir isto é moi difícil seguir lendo, porque é unha falsidade de tal calado que é moi difícil continuar lendo, ademais sabe vostedes que o seu partido se empeñou en eliminar competencias aos concellos en materia de política social, deixando

practicamente as súas competencias só para resolver os casos de emerxencia. En calquera caso, lémbrolle no Plan concertado 10 millóns de euros o Concello de Vigo, 3 millóns de euros a Xunta de Galicia, sendo as súas competencias, e no Plan de Infancia e Familia o 100% dos recursos saen do Concello de Vigo, polo tanto aquí o que está a facer o Concello de Vigo é atender aquelas cousas que a Xunta de Galicia deixa de lado, pero di vostede que o Alcalde de Vigo só reclama aquelas cousas á Xunta do Sr. Feijóo, non, o Alcalde de Vigo ten amosado a esta cidade que reclama os intereses de Vigo diante de calquera, ou teño que lembrarlle a vostede que incluso un comisario da Unión Europea se lle fixo aquí fronte, era do noso mesmo partido, porque poñía en cuestión a actividade económica de Vigo, aquí non se está a mirar quen é o que ostenta un cargo senón que se está a defender o interese desta cidade, por iso, na defensa deste interese obviamente non recibimos sempre a mesma percepción por parte do contrario, téñolle que lembrar que dende hai un ano están desbloqueados o AVE por Cerdedo que a Sra. Ana Pastor tiña absolutamente bloqueado ou a estación do AVE, ou a Avenida de Madrid e o seu convenio, o convenio para ver como en Vigo non nos quedamos sen auga, ou a biblioteca de Teis de xeito inmediato cedido ao Concello, ou a biblioteca do Estado xa acordado a pesares da oposición da Xunta de Galicia, ou a muralla do Castro, é dicir, podería seguir facendo unha lista, iso si, a Xunta de Galicia cando ven á cidade a construír o Concello de Vigo a apoia, é un exemplo a Cidade da Xustiza, a pesares de que xa tiñamos terreos expropiados é que gastamos máis de 3 millóns de euros en expropialos, decidimos apostar porque a Cidade da Xustiza defendera o proxecto da Xunta de Galicia que nos parece correcto e ben, agora si, naquelas cuestións que a Vigo e á cidadanía de Vigo son imprescindibles reclamamos que a Xunta de Galicia si deixe de poñer paus na rodas que é o que está a facer e fala vostede aquí dunha ristra de cousas, di vostede “fagan unha modificación puntual para o pavillón de Matamá, ou o acceso ao colexio Párroco Don Camilo”, miren, sabe vostede que xa trouxemos a este Pleno un proxecto para tramitar pola Lei 3/2016, e a Xunta de Galicia negounos a oportunidade de ser unha administración que puidera utilizar esa vía, iso si, se o Párroco Don Camilo fora de non sei o IFEVI ou fora o Consorcio da Zona Franca o podería tramitar, por certo, se fora de Mos seguramente tamén e se fora de Redondela antes deste Alcaldesa tamén como xa o fixeron para un cole pero no caso de Vigo non, e sabe

vostede que temos un recurso presentado, imos a ver que nos din porque o proxecto xa viu a este Concello.

Di vostedes modificacións puntuais para facer chan industrial, se o estamos a facendo con proxectos sectoriais, e queremos a aprobación da Lei 3 para poder ampliar Citroën, pero vostedes néganse, entón o que ten que dicir a Xunta de Galicia é por que sempre está en contra de Vigo? No caso do instituto de Navia é que é o colmo, o que lle di este Concello é asinemos un convenio para que cedamos o terreo e a Xunta de Galicia comprometa recursos, pero non, a Xunta de Galicia fai un titular, queremos un instituto tamén en Navia pero os recursos nin un euro comprometido no orzamento e xa lle digo mire, o Plan de Navia, só por poñer algún exemplo, porque fala vostede de tantas cousas porque o río Lagares xa temos o proxecto aprobado, polo tanto, non hai moito que falar del, pero por poñerlle un exemplo, din vostedes aproben inmediatamente Navia, mire, Navia aprobarase cando teña os informes completos e cando o análise técnico e as respostas ás alegacións dos veciños sexa a correcta, por certo, non nos vai a pasar como en Mos que queren aprobar unha modificación puntual sen informe de Estradas cando están pinchando nunha autovía do Estado, e lle advertiron de que o informe era preceptivo e vinculante e non lle pediron o informe, antes da falcatruada que queren facer o luns que ven.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: Vou comezar polo final, Plan Parcial de Navia pero que medo lle teñen ás alegacións dos veciños, lle teñen medo? Pois entón para adiante co Plan Parcial de Navia, traíano o imos votar a favor, que medo ten? Ou é que non o quere aprobar? A non, claro porque se aprobou inicialmente se non lembro mal en xaneiro do 2018 e por que non o quere aprobar? Por que non o trae ao Pleno? Por que non ven ao Pleno? Por que non se aproba? Fallan informes pois o que hai que facer é traballar e haberá que informar o que hai que facer é exercer as competencias municipais, iso é o que se pide na moción, porque hai algúns exemplos que puxemos efectivamente e diría vostede que podería poñer máis non se preocupe porque como segan presentando mocións ao Pleno en vez de traer asuntos xa lle traerei eu asuntos aquí, e mocións de temas que están pendentes na cidade, hoxe temos uns cantos, o pavillón de Matamá non se fai porque non queren, modifique puntualmente o Plan como fai no Barrio do Cura, o acceso ao

Párroco don Camilo non se fai porque non quere, ten competencias urbanísticas e por suposto que ten competencias en materia de servizos sociais básicos, claro que os ten, dállas a lei, unha Lei que se aprobou no 2008, era vostedes conselleira, estamos de acordo con iso, o Plan Concertado se lle deron un incremento de 600.000 euros e pico no Plan Concertado, poderían contratar 15 técnicos, que fixeron? Utilizaron eses cartos para pagar a nómina dos que xa están, si ou non? A non? Entón onde están, como non incrementou esa plantilla, lévanse coa OPE 17, 18, 19 non hai convocada unha praza, onde vai que non está o Sr. Rajoy nin a taxa de estabilidade, onde vai que non está, 15 meses leva este señor na Moncloa e onde está a taxa, non é culpa do Sr. Rajoy, onde están as convocatorias? Non lle vote a culpa a taxa de estabilidade, xestionen persoal, aproben as convocatorias, non só as OPEs, as convocatorias e incrementen o persoal, iso é así, aprobaron unha oferta de emprego pública sen facer as convocatorias é deixar o traballo a medias e probablemente crear unhas expectativas ás persoas que queren acceder ao emprego público que non hai, se queren incrementar os servizos sociais aproben unha OPE pero tamén fagan a convocatoria do persoal, teñen 257 millóns de euros de orzamentos, somos a cidade máis grande de Galicia, teñen 20 concelleiros, maioría absoluta suficiente para facer o que queiran, que fan? Traer mocións a Pleno e deixar orzamentos sen executar e subir os impostos. Sr. Fernández Pérez, que pasou? Pásache algo?.

(No momento da votación preside a 3ª Tenente de Alcalde, Sra. Espinosa Mangana, por ausencia do Presidente e da 1ª e 2ª Tenente de Alcalde)

VOTACIÓN: Con tres votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señores e señoras Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, e dezanove votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Gomez Días, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, mais dos membros do grupo municipal Mixto, señora e

señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e mais do membro non adscrito, Sr. Pérez Iglesias, adóptase o seguinte

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 19.09.2019 (Rex. Nº 2182/1101), polo voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Marnotes Gonzalez, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

11(174).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO, INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL A REDACCIÓN E APROBACIÓN DUNHA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DE MOBILIDADE SOSTIBLE E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. REXISTRO PLENO 2183/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 19 de setembro de 2019, número 2183/1101, o voceiro do grupo municipal Mixto, Sr. Pérez Correa, formula a seguinte,

MOCIÓN

“MOCIÓN INSTANDO A APROBAR DEFINITIVAMENTE UNHA ORDENANZA REGULADORA DE MOBILIDADE SOSTIBLE E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS

Os novos xeitos de mobilidade nas nosas cidades son cada día unha realidade máis complexa e con formulacións moi diferentes que requiren tanto de infraestruturas coma de organización diferentes. Vigo por desgraza chega tarde aos formatos de mobilidade sostible; cando en toda Europa as propostas de reforma dos viais urbanos xa conteñen espazos para a mobilidade ciclista, presentes mesmo dende as reconstrucións das cidades despois da II Guerra Mundial, as primeiras e cativas experiencias na mobilidade ciclista na nosa cidade están aínda hoxe en desenvolvemento; cando o vehículo eléctrico avanza como alternativa sostible e de mobilidade compartida en Vigo aínda non se colocaron os báculos de carga de esta tipoloxía de vehículos que dende hai máis dun ano tiñan que estar operativos dentro do contrato da XER.

E Vigo chega tarde tamén porque non se quixo tomar en serio nin os propios acordos municipais expresados no Plan de Mobilidade Sostible, que non deixaba de ser un documento de intencións sen dotacións económicas parellas, pero albiscaba

un horizonte de implantación de políticas centradas na mobilidade sostible. Curiosamente soamente en 2017 se pretendeu artellar unha ordenanza de mobilidade sostible circunscrita especialmente ao vehículo eléctrico. A esta proposta de ordenanza os grupos municipais fixemos aportacións e dende entón non tivemos máis noticias e a ordenanza quedou esquecida nun caixón.

No Vigo de hoxe coexisten novas e vellas fórmulas de mobilidade sostible: hai cada vez máis persoas usuarias de bicicletas coma instrumento de mobilidade e non exclusivamente de ocio ou deporte; proliferan cada día máis patinetes eléctricos (aínda pendentes de ser regulados no seus desprazamentos pola DGT e polo tanto tamén das ordenanzas municipais), hai mesmo persoas que empregan os desprazamentos a pé e cada día en máis centros escolares crece o interese por empregar camiños escolares seguros para facelo. Non ter claro como organizar a mobilidade e non dispoñer dunha ordenanza clarificadora é un problema serio que Vigo ten que resolver xa. Non se planificaron as importantes obras na malla urbana que reducían os espazos aos vehículos particulares con propostas análogas de mobilidade sostible e fomento do uso do transporte colectivo de pasaxeiros. Debería ser urxente nesta lexislatura actualizar e dinamizar un Plan de Mobilidade Sostible para a cidade e aprobar as ordenanzas necesarias e os orzamentos axeitados para facelo.

Actualmente existe tamén en desenvolvemento a construción dun carril bici entre Avenida de Castelao e Camelias, que posteriormente será ampliado cara Teis e Samil. O proxecto ten que comportar para nós un estudo de seguridade e mobilidade completo xa que estamos a falar dun carril que comparte firme coa vía rodada e no que interactúa transporte público coma o colectivo e o servizo de taxi. Como dixemos na introdución das nosas achegas á proposta de ordenanza sobre mobilidade sostible para Vigo: “consideramos acertada a concreción dunha ordenanza sobre mobilidade sostible, pero entendemos que esta ten que artellarse dentro das liñas estratéxicas do PLAN DE MOBILIDADE URBANA SOSTIBLE (PMUS) aprobado polo Concello de Vigo o 27 de xuño de 2014 onde se recollía coma un dos obxectivos a mellora das condicións de mobilidade peonil e ciclista. Creemos que a decisión de que o carril bici trascorra por esta vías realmente non está acorde cos obxectivos marcados no PMUS e nas propostas iniciais de carrís bici que priorizaban outras vías precisamente polas dificultades de tráfico e deseño urbano que comportan tanto as rúa Pizarro como a rúa Camelias.

Polo exposto, o Grupo municipal da Marea de Vigo presenta ao Pleno para a súa aprobación se procede o seguintes:

ACORDOS:

2. O pleno do Concello de Vigo insta ao Goberno local a rematar a xestión administrativa e reguladora da nova ordenanza municipal de mobilidade sostible e procederá a aprobala no menor tempo posible.
3. O Pleno do Concello de Vigo insta ao Goberno local a prohibir cautelarmente a circulación de patinetes eléctricos polas beirarrúas (salvo que o condutor

ou condutora circule andando con el) ate que a DGT regule definitivamente o seu uso tal e como están acordando numerosas cidades do estado.

4. O Pleno do Concello de Vigo insta ao Goberno local a esixir á concesionaria DORNIER a instalación dos báculos de recarga de vehículos eléctricos que figura no prego concesional vixente dende hai un ano.
5. O Pleno do Concello de Vigo insta ao Goberno local a establecer en todas as convocatorias do consello municipal de transporte un punto sobre mobilidade sostible no que abordar a súa incidencia tamén sobre o transporte público na cidade.”

No transcurso do debate, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sr. Espinosa Mangana, presenta a seguinte emenda de substitución:

1.- O Pleno do Concello de Vigo insta ao Goberno Local a rematar a xestión administrativa e reguladora da nova ordenanza municipal de mobilidade sostible, tan pronto se aprobe o Plan de Mobilidade Urbana.

2.- Dado que a prohibición de circulación dos patinetes (vehículos de mobilidade persoal) pola beirarrúas, está regulada no art. 121.5 do Regulamento Xeral de Circulación, o Pleno insta ao goberno municipal a vixiar o seu cumprimento no exercicio regular das súas funcións e insta a regular definitivamente o seu uso tan pronto o Consello de Ministros aprobe o R. D. De Medidas urbanas de tráfico.

3.- Reiterar á empresa concesionaria Dornier a instalación de báculos de recarga de vehículos eléctricos que figura no prego concesional.

Ao seren aceptada a anterior emenda de substitución, polo relator da moción, Sr. Pérez Correa, a Presidencia procede á votación da moción.

DEBATE:

SR. PÉREZ CORREA: Traemos en forma de moción algún requirimento que este grupo municipal na anterior lexislatura fixo en numerosas ocasión e ademais porque era un traballo xa feito, é dicir, o goberno local no ano 2017 nos traslada un borrador de proposta de ordenanza de mobilidade, nolo traslada entendemos porque naquela altura pois faise tamén o estudo de mobilidade da Federación Española de Municipios e Provincias co coche eléctrico, ligado o coche eléctrico, se nos propón un borrador de ordenanza reguladora de cuestións de mobilidade, algunhas intuían naquela altura, agora obviamente nunha realidade na nosa cidade como son os patinetes eléctricos e as formas de mobilidade alternativa, se

nos pide aos grupos municipais que fagamos achegas, os grupos municipais facemos achegas, non se responde a esas achegas e a ordenanza desaparece do trámite administrativo, non sabemos a que esperaban, non sabemos se esperaban a que se xeneralizara este tipo de mobilidade a través de vehículos eléctricos, non sabemos se esperaban ao que vostedes chaman carril bici pero logo veremos que na proposta da ordenanza non se pode chamar carril bici ou non sei se esperaban á adxudicación do contrato da ORA que entre outras cousas incluía a cuestión dos báculos de carga de vehículos eléctricos, o que vimos a dicir aquí, a pesares das cousas grandilocuentes onde se din, que Vigo é a cidade punteira, quero dicir, que os carrís bici se sinalizaron en Europa non ano 45 coa reconstrución despois da segunda guerra mundial, home, creo que Vigo chega un pouco tarde na cuestión dos carrís de bicicleta ou na mobilidade deste tipo, polo tanto, non debe ser só unha cuestión a creación ou improvisación para nós dun suposto carril bici a que xustifica que teñamos que discutir hoxe en día despois de moitos anos a chegada ás cidades deste tipo de mobilidade, o que queremos é cuestións moi concretas que resumimos na moción e ademais entendemos que debería de facerse de maneira inmediata porque xa comeza haber serios problemas con algunhas cuestións, o que vimos a pedir é, e quero centrarme non tanto na exposición que pode ser compartida ou non, pero si nos acordos é, primeiro que se remate ese expediente e de maneira urxente ademais porque estamos nunha situación na que non é menor a proliferación dos patinetes eléctricos nas rúas e ademais aínda que non teña a DGT feito finalmente ese regulamento, cidades como Zaragoza, Málaga, Valencia, Alacante e Sevilla xa teñen unha cousa clara que é o pedimos nós, que este tipo de vehículos como calquera vehículo a motor non pode ir polas beirarrúas, polo tanto, de maneira preventiva que cando menos se poden facer as dúas cousas como fai Zaragoza que na ordenanza de xuño deste ano o que fai é non multar, preventivamente esperando que a DGT regule, pero sen impedir e para iso tamén están as funcións da Policía Local de impedir que este tipo de vehículos vaia polas beirarrúas, xa digo que non é un tema que non poida acometer un concello porque o están a facer de maneira xeneraliza tódolos concellos, pero que ademais de rematar esa ordenanza, é dicir, o trámite, tódalas cuestións que se queiran incorporar hai cuestións que están pendentes, un ano despois xa falaremos largo e tendido dos compromisos que se adquiriron cos

traballadores da concesionaria da ORA, xa falaremos disto pero si que é certo que figuraba no prego e foi unha das cuestións que fixo que a empresa Dornier gañara a concesión a instalación de báculos de recarga para vehículos eléctricos, un ano despois non están instalados como non están modificados nin cambiados os parquímetros e non pasa absolutamente nada, e o único que hai é procesos xudiciais abertos contra os traballadores da concesión que fixeron folga, pero que ademais queremos que reflexionen sobre o modelo de mobilidade que vostedes alardean, entre outras cousas porque na súa propia proposta de ordenanza reguladora da mobilidade sostible di que os carrís bici poderán ser en sentido bidireccional 2,5 metros de ancho mínimo recomendado e protexido do tráfico a motor con elementos de separación, si iso non se da como en Camelias que non hai elementos que separen o carril bidireccional do tráfico, iso non é un carril bici, iso é outra cousa, e iso hai que regulado porque cando se faga un carril bici terá que ter uns condicionantes, cando se faga unha beirarrúa bici como vostedes poñen terá que ser outra cousa, cando se fai un carril verde terá que ser outra cousa, polo tanto, é importante que esa ordenanza estea funcionando pero ademais queremos que no Consello Municipal de Transporte, onde se fala do Taxi, onde se fala do Vitrasa, onde se fala dun montón de cousas, a partires de agora sabendo que hai novos xeitos de mobilidade e estamos a traballar ou entendemos que hai unha acción proactiva por parte do goberno porque levou ese borrador aos grupos, se traten eses temas, porque xa se queixaron os condutores de Vitrasa das posibles perigosidades que ten a súa proposta urbanística do carril.

SR. PÉREZ IGLESIAS: Ben, a mobilidade é un elemento central na cidade porque fundamentalmente o que facemos as viguesas/es é movernos na cidade, durante todo o día, nese sentido a moción que traslada a Marea de Vigo é pertinente para abordar efectivamente a necesidade de enfrontar as novas formas de mobilidade alternativa, de regulalas e darlle tamén un encaixe, o certo é que hai un problema porque aínda que na emenda que agora suxire o Partido Socialista faise unha invocación ao Regulamento de circulación, o certo é que carecemos dun marco normativo de carácter xeral que atenda a esta cuestión porque mesmo hai discusión sobre se son homologables ou análogos os patinetes eléctricos con outro tipo de vehículos a motor, esa é a discusión de fondo e pola que a DGT ten que

establecer algún criterio. O certo é que nós dende o Bloque Nacionalista Galego si que queremos subliñar é que problema da mobilidade, a cuestión da mobilidade que xa dicimos é central, ten que pasar non tanto por como encaixamos novas mobilidades de mobilidade individual senón por unha aposta decidida polo transporte público colectivo que é a única maneira de atallar, resolver e de apostamos por unha mobilidade máis sustentable, por unha mobilidade que nos permita seguir avanzando no proceso de democratización do espazo público, e que polo tanto nos permita reducir a presenza do vehículo privado. Hai que ter en conta que moitas das persoas que hoxe utilizan patinetes eléctricos na cidade fano porque a oferta do servizo de transporte público é insuficiente, non atende ás súas necesidades e polo tanto teñen que facer uso diso, e nese sentido nós dende o Bloque Nacionalista Galego aínda concordando co conxunto da moción de Marea, dende logo temos moitas dúbidas sobre o seu punto segundo a respecto da prohibición cautelar, primeiro, pola ausencia dun marco normativo xeral, e en segundo lugar pola efectividade, como se vai a executar a prohibición? Vaise a identificar aos usuarios, vaise incautar aos patinetes, vaise multar ou simplemente vai ser unha recomendación? Nós nese sentido si que entendemos que si que cadra habería que revisar e por iso propoñemos en todo caso como emenda “in voce” que se retire ese segundo punto.

SR. GONZÁLEZ CASTILLO: É moita a xente a que se pregunta polo normativa de patinetes eléctricos en Vigo, e quere respostas mentres a DGT non regule o uso de patinetes e outros vehículos de mobilidade persoal, os concellos deberían ir articulando ordenanzas para delimitar o uso destes tipo de vehículos sobre todo os patinetes eléctricos, e os selfway, por que? Porque está aumentando tanto o seu uso que a súa circulación está a causar problemas nas nosas rúas en convivencia cos peóns. En xaneiro do 2017, como apunta Marea, o grupo municipal do Partido Popular recibiu unha proposta de ordenanza de mobilidade sostible e dende aquela non tivemos máis noticias, esa ordenanza tiña que vir aquí ao Pleno, que velocidade de cruceiro da que presume o Alcalde Socialista se aquí imos a velocidade de tartaruga, e seguro que aínda teremos que esperar máis tempo, haberá ata patinetes voadores. O problema está sobre a mesa, pedimos actuacións urxentes, o patinete eléctrico non é un xoguete e xa hai persoas que o

utilizan como medio de transporte, teñan en conta que pode provocar accidentes e lesións mortais, urxe unha normativa municipal, é importante que teña en conta os patinetes que circulan a gran velocidade polas vías peonís, cando viaxan dúas persoas no mesmo patín, as veces pais e fillos e iso entraña un grave perigo, os que circulan pola calzada facendo manobras estrañas, facendo adiantamentos entre os turismos, glorietas, meténdose en zonas peonís, de forma que poñen en perigo a súa integridade e a de terceiros, e vostedes pasan de todo e é a súa responsabilidade.

Tamén me gustaría falar do carril bici de Camelias que hai varios problemas, o primeiro a entrada e saída de colexios, os pais no colexio non poden parar para deixar ou recoller aos seus fillos, en segundo lugar, valoraron o risco á hora de facer xiros á esquerda para que os propietarios accedan aos estacionamentos dos edificios? Non, porque se só queda un carril e o vehículo detense porque ven un bus, un taxi ou unha moto ou incluso polo carril bici un ciclista é dunha perigosidade do 100%, ademais da retención que ocasiona, un auténtico desastre, non sei a quen se lle ocorreu e tome nota destas preguntas, quero que mas conteste, o carril bici vai a poder ser utilizado polos patíns sexan eléctricos ou non? Valoraron os riscos de implantación do carril bici sobre os peóns ou sobre os propios ciclistas? A que velocidade vaise poder circular polo carril bici? Van a poder circular as bicicletas ou os poidan circular e se igual para para os vehículos de catro rodas? Non se deron conta que o carril bici que parece que unha obra faraónica polo tempo que leva que xa tiña que estar rematado, está xerando retencións de tráfico, eliminaron centos e centos de estacionamentos en superficie en vía pública que afecta aos cidadáns que teñen unha renda e unha economía baixa, estalles a obrigar a gastar máis de 100 euros en aparcamento soterrado, tamén está a incumprir o prego de condicións da Zona Ora na que teñen que destinar espazo para que estacionen vehículos eléctricos e crear estacións de recarga para vehículos eléctricos e non o fixeron. Na Praza de España necesítase unha saída soterrada da cidade e digo saír, pois entendo que o principio xeral de deixar saír antes de entrar o tráfico de saída está menos exposto a atascos na terminal de saída e as entradas hai atascos en días sinalados e dentro dun soterrado hai que evitar atascos por cuestións de ventilación.

Outro punto clave é o no do Seminario na Avenida de Madrid A-55, os atascos xeran contaminación pois os coches están parados e seguen co motor en marcha, é un punto que hai que ter en conta e tamén retomando o asunto do aparcadoiro disuasorio nas entradas á cidade e hai que crear boas lanzadeiras ou conexións con Vitrasa, vostedes pensan que co carril bici a xente vai a usar a bici para ir ao traballo, non se fixaron que Camelias, Pizarro, Cruce de Venezuela, Gran Vía xa hai que mandar Policía polo caos circulatorio porque a xente segue usando o vehículo de catro rodas. Como o Alcalde vive próximo ao Concello e me imaxino que terá unha bici igual que os demais concelleiros, espero velos vir en bici e que non sexa só para a foto, ordenanza municipal reguladora de sostibilidade xa.

SRA. ESPINOSA MANGANA: Custa entender que a moción exposta por Marea e as intervencións de tódolos grupos verte exclusivamente en críticas sen entrar no fondo da cuestión, e triste que lle preocupe a todos máis o escaparate que os cidadáns, a mitigación do cambio climático ou a saúde porque ningunha das intervencións en ningún momento se fixo referencia ao por que dunha necesidade de mobilidade sustentable, con todo o grupo de goberno municipal sabe que temos a obriga e a responsabilidade de cuestionarnos abertamente o noso modelo de crecemento para alcanzar un desenvolvemento sustentable, un modelo que require adaptacións e novos equilibrios económicos, sociais e ambientais, equilibrios imprescindibles para garantir un progreso humano en termos de solidariedade, equidade e igualdade de oportunidades baseado nun sistema de valores que nos faga responsables coas xeracións futuras, trátase dun desafío que require acción global pero tamén obviamente acción local e aquí estamos todos o grupo de goberno, traballando en liñas estratéxicas en varios ámbitos entre os que están a mobilidade sustentable conxuntamente coa de residuos a súa xestión, a sustentabilidade enerxética, a política forestal e sumidoiros e innovación etc., mobilidade sustentable para diminuír o incremento de emisións orixinadas por actividades de transporte, e tamén favorecer ao mesmo tempo unha vida menos sedentaria e inactiva, influíndo de forma positiva na saúde e no benestar. As actuacións no ámbito de transporte urbano pasan por modos máis sustentables como é a bicicleta que aquí se mencionou por tódolos grupos e de aí a potenciación do carril bici na nosa cidade hoxe unha realidade por máis que nos

custe recoñecelo, ou por máis que lle custe a vostede recoñecelo e tamén por moito que se queira negar a evidencia actuacións para facilitar o vehículo eléctrico senón houbera pensado este goberno no vehículo eléctrico sería imposible que hoxe estivera incluído no contrato que ten a concesionaria da ORA, concesionaria á que requirimos para a posta en marcha cando antes dese punto concreto en canto a vehículos eléctricos e por suposto regular a circulación de patinetes tan pronto como o Consello de Ministros aprobe o Real Decreto de medidas urbanas de tráfico que está en tramitación polo que se modifican os regulamento xerais de circulación e de vehículos que afectan directamente a regulación dos vehículos de mobilidade persoal e que deberían ser tidas en conta con motivo da aprobación da correspondente ordenanza, Real Decreto que se o tivéramos goberno en España posiblemente estivera aprobado nestas datas.

Engadir neste aspecto e quérollo recordar practicamente a tódolos grupos que a prohibición de circulación dos patinetes polas beirarrúas xa existe en aplicación do disposto no artigo 121.5 do Regulamento xeral de circulación, e sen que en ningún momento se cursaran instrucións aos axentes deste Concello en concreto. E aquí teño unha relación dos patinetes que foron retirados ao longo deste exercicio por incumprir precisamente ese artigo 121.5, polo tanto, se temos unha regulación independentemente que todos sexamos conscientes de que temos que melloralas. Ademais estamos a facer actualmente unha monitorización diaria da circulación dos devanditos patinetes a través de técnicas de análises de vídeo e intelixencia artificial que nos permitan alcanzar unha diagnoses extremadamente fiable deste novo fenómeno de mobilidade urbana, estamos a estudar lugar e tempo de circulación, velocidade, intensidade, grado de fricción con outros usuarios da vía, sobre o cal construír unha técnica específica de ordenación da mesma coa máxima esixencia de seguridade, eficacia e eficiencia, compre engadir que a cidade ten un plan de mobilidade que está en vigor dende o ano 2014 e que está materializado en practicamente a súa totalidade, pero os cambios no concepto de mobilidade aconsellan a redacción dun novo plan que se adapte ás esixencias actuais e con novos e ambiciosos obxectivos e para responder a esta demanda elaborouse un borrador de prego de prescricións técnicas para contratar unha asistencia técnica que faga un novo plan de mobilidade urbana sustentable e que está en fase de revisión para a súa aprobación, polo tanto consideramos aconsellable que primeiro

se aprobe o Plan para proceder despois xa á aprobación da nova ordenanza reguladora de mobilidade sustentable.

SR. PÉREZ CORREA: Con respecto á emenda de substitución dos puntos estamos de acordo e se isto facilita que polo menos de aquí saía unha moción con determinados aspectos que nós consideramos centrais, pois aceptamos a substitución destes catro puntos que propoñemos nós por estes tres que se propoñen pero nós seguimos dicindo claramente que se está a facer noutras cidades e que cando un patinete, sobre todo os que van a alta velocidade, circula pola beirarrúa, quizais nos falte en Vigo unha figura que teñen outras cidades como un axente de mobilidade, algún día teremos que ver a posibilidade de ter axentes de mobilidade que se encarguen exclusivamente destas cuestións como ten Lugo, ten Madrid, teñen a maior parte das cidades que teñen esa figura intermedia entre a Policía Local e que é o axente de mobilidade e que funciona moitas veces como un instrumento de traballo bastante interesante. Nós estamos tamén de acordo, existe un Plan de Mobilidade Urbana Sostible pero o Plan de Mobilidade Sostible, aprobado no Pleno, o que di o Plan é que despois dese Plan de Mobilidade Sostible ten que terse un Plan de Mobilidade íntegro, un Plan de actuación para a utilización de transporte colectivo, unha ampliación do ámbito de aplicación do aparcadoiro regulado pola ORA, supoño eu que terán que modificar isto porque vostede eliminaron prazas de Zona Azul co cal o Plan de Mobilidade Sostible que teñen actualmente aprobado xa non vale porque vostedes polos menos este criterio cámbiano, ademais dunha proposta de remodelación do servizo de transporte público urbano, oportunidade de ouro porque imos ter un novo prego, nolo vai permitir remodelar as liñas ou iso esperamos, pero que ademais estamos de acordo, é dicir, un ano despois non están os puntos de carga que figuran na concesión, é un incumprimento do contrato e ademais era unha das cuestións das melloras que propoñía esta concesionaria, propoñía máis puntos de carga que outras empresas que foron ao concurso, polo tanto, debería haber un criterio cando menos de seguimento de que as melloras que figuran neste caso nos concursos e nas empresas que gañan concursos e mesas de contratación, alguén controle que efectivamente as melloras que se propoñen finalmente acaban revertindo nos servizos. Estamos de acordo, imos a poñelo claramente e

digo cando unha persoa vai embalada por Gran Vía cun patinete e hai un Policía Local perfectamente lle pode indicar que non pode baixar a esa velocidade que ten que saír da beirarrúa, digo porque o están a facer no resto dos concellos deste país, pero para que o poda facer o Policía Local alguén ten que habilitar unha ordenanza que llo permita porque é máis fácil incluso informar que hai unha ordenanza aprobada que di claramente que este tipo de vehículos non pode ir polas beirarrúas, de acordo ademais como di o Regulamento Xeral de Circulación, polo tanto imos a estar de acordo en que se modifiquen estes catro puntos propostos por nós e introduzamos estes tres propostos polo grupo municipal do Partido Socialista.

PRESIDENCIA: Imos cambiar o texto e se acepta a emenda de substitución presentada.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira, por ausencia do Presidente e da 1ª Tenente de Alcalde)

VOTACIÓN: Con vinte e dous votos a favor dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, mais dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gomez Días, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, e mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señores e señoras, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, e a abstención do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 19.09.2019 (Rex. Nº 2183/1101), polo voceiro do grupo municipal Mixto, Sr. Pérez Correa, coa emenda de substitución

presentada pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Espinosa Mangana, quedando o seguinte texto.

1.- O Pleno do Concello de Vigo insta ao Goberno Local a rematar a xestión administrativa e reguladora da nova ordenanza municipal de mobilidade sostible, tan pronto se aprobe o Plan de Mobilidade Urbana.

2.- Dado que a prohibición de circulación dos patinetes (vehículos de mobilidade persoal) pola beirarrúas, está regulada no art. 121.5 do Regulamento Xeral de Circulación, o Pleno insta ao goberno municipal a vixiar o seu cumprimento no exercicio regular das súas funcións e insta a regular definitivamente o seu uso tan pronto o Consello de Ministros aprobe o R. D. De Medidas urbanas de tráfico.

3.- Reiterar á empresa concesionaria Dornier a instalación de báculos de recarga de vehículos eléctricos que figura no prego concesional.

.- FORMULACIÓN DE ROGOS.

12(175).- ROGO FORMULADO POLO CONCELEIRO DO MEMBRO NON ADSCRITO, SR. PÉREZ IGLESIAS, REFERENTE AO USO DO CENTRO DE ARTE FOTOGRÁFICA DE VIGO.

SR. PÉREZ IGLESIAS: Formulamos o rogo de que se manteña o uso íntegro do edificio do rúa Chao para albergar tal e como fora proxectado o Centro Galego de Fotografía e Cine posteriormente renomeado centro de Arte Fotográfica de Vigo e que se proceda a súa apertura inmediata con esa finalidade.

PRESIDENCIA: Tomamos nota do seu rogo.

13(176).- ROGO FORMULADO POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO, SRA. MÉNDEZ FUENTES, REFERENTE AOS CRITERIOS DE ACCESO AO ALBERGUE MUNICIPAL.

SRA. MÉNDEZ FUENTES: Dende o grupo da Marea de Vigo rogamus clarifiquen os criterios de acceso ao Albergue Municipal para as persoas que perciben RISGA ou RAI e especialmente queremos coñecer quen acordou o criterio de que só poden estar unha vez e nun período de 10 días.

.- FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

14(177).- PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO MEMBRO NON ADSCRITO, SR. PÉREZ IGLESIAS, REFERENTE Á NON COMPARECENCIA DO COLECTIVO DE BOMBEIROS NO PLENO.

SR. PÉREZ IGLESIAS: A pregunta é por que razón se impediu que o colectivo de Bombeiros da cidade en folga dende hai máis dun mes, puidesen comparecer e intervir nesta sesión plenaria tal e como e como solicitaron formalmente con antelación a súa convocatoria.

PRESIDENCIA: Se lle contestará por escrito

15(178).- PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO, SR. PÉREZ CORREA, REFERENTE Á DOTACIÓN DE CONSERXES NOS COLEXIOS PÚBLICOS.

SR. PÉREZ CORREA: Se nos poden responder ademais por escrito, se pensa o Concello abrir con dotación de auxiliar de servizos adscritos como conserxes nos colexios públicos de Vigo, porque cando se produce unha baixa non se están a

cubrir o caso por exemplo do CEIP Altamar que leva varios meses sen persoal que é absolutamente necesario, en principio tamén pola seguridade dos nenos/as.

PRESIDENCIA: Se lle contestará por escrito.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás doce horas e dez minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

am.

O ALCALDE,

Abel Caballero Alvarez

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

José Riesgo Boluda.